



terraetempo  
dixital galego de pensamento nacionalista

CPN

Cadernos de  
Pensamento  
Nacionalista

Xosé Díaz Díaz

22

# Galiza nos orzamentos do Estado 2017

[www.terraetempo.gal](http://www.terraetempo.gal)



**terraetempo**  
dixital galego de pensamento nacionalista

**Apuntamentos  
sobre o Proxecto de  
Lei dos Orzamentos  
Xerais do Estado  
para 2017 e  
os Investimentos  
do SPC na Galiza**



## CUESTIÓNS XERAIS

Como consecuencia da grande crise actual que afectou primordialmente ao conxunto da zona do Atlántico Norte, desatada, coma todas, como consecuencia das actuacións do **sector privado**, e, en primeiro lugar, neste caso, polo comportamento do sector financeiro, en conivencia con todos os organismos públicos de “control e regulación”, de cualificación, das grandes empresas auditoras, que levou a creación dun monstro desbordado, incontrolábel (banca tradicional, banca na sombra, fondos de pensións, de inversión, de alto risco, paraísos fiscais), cara evadiren impostos e financiar actividade ilícitas, delituosas, entre outras cuestións, montado arredor dos centros financeiros de Londres e Wall Street, e como necesidade de manter un funcionamento aparentemente normalizado do sistema económico en vigor, e a continuación do seu proceso de acumulación, centrado cada vez máis nas actividades de carácter especulativo, as maiorías sociais van padecer unha longa noite de pedra, un deterioro da súa situación a niveis descoñecidos, con consecuencias de todo tipo, non sendo o menor, o afianzamento deste sistema irracional desde o punto de vista da satisfacción das necesidades humanas, por mor da deserción e integración das forzas políticas e sindicais estatais, máis ou menos *progres*, en aparencia.

Así, por parte dos gobernos “civilizados”, especialmente os pertencentes a UE, vai se desatar unha tormenta infernal de medidas antisociais, traducidos nunha morea de normas lexislativas de carácter re-estruturador, que significaron un retroceso nunca visto, nun espazo tan curto de tempo, nas condicións vida e de traballo, un incremento da explotación das clases traballadoras, uns niveis de desemprego insoportábeis, a falla de perspectivas de futuro, sobre todo no Sur deste espazo económico, para maior grandeza do seu Norte, que dispón de toda a capacidade de decisión, en beneficio exclusivo da minoría que xestionan as grandes empresas financeiras e non financeiras que extraen unha parte crecente da riqueza, do excedente creado polas clases traballadoras, de maneira especial nos estados e nas nacións periféricas politicamente.

Así, neste contexto, e seguindo obedientemente os ditados da UE e os seus adláteres, os sucesivos proxectos orzamentarios do Estado foron un instrumento esencial para que estas condicións se consolidaran e continúen a se afondar, a través das chamadas políticas de austeridade, para as maiorías sociais, non así para os causantes da crise, na “consolidación” orzamentaria, que van pagar duramente as CCAA, as CCLL e o Sistema da Seguranza Social, para maior gloria da Administración Central. Nunha actuación centrada no retraso da saída de crise, cara continuar o proceso en curso de redistribución inversa, como mesmo se fotografa nunha distribución regresiva da riqueza creada, nun incremento da carga impositiva sobre as maiorías sociais, na diminución do peso das actividades públicas, da creación de bens e servizos públicos, no deterioro progresivo dos servizos públicos, na diminución dos gastos de capital públicos, con especial incidencia no emprego, na creación de riqueza e no benestar, para, por outra parte, incrementar a débeda pública de maneira acelerada.

A situación para as CCAA chegou a se facer tan insoportábel, que no ano 2012 non vai quedar máis remedio que botar man, á marxe do sistema de financiamento, dun conxunto de axudas adicionais de carácter extra-orzamentario, formuladas en xeral polo mecanismo dos préstamos brandos, ao estilo de medidas cuantitativas de liquidez tan socorridas nestes tempos, sobre todo por non ter incidencia directa nos déficits públicos, cuxo control e diminución se convirte na variábel determinante, chegándose no caso español, mesmo a unha modificación da súa sagrada constitución, de común acordo PP e PSOE, para que quede definitivamente consagrada a importancia desta variábel, e os pagos derivados do pago da débeda existente sexan prioritarios, por riba de calquera outro, mesmo sexan pensións, desemprego ou dependencia, para maior gloria da banca en xeral e, en particular, do sistema bancario do Norte da UE, como principal acreedor.

Claro é que estas medidas non afectaron igualmente a todas as CCAA, quedando incluso fóra algunhas do PP, as máis obedientes, e nomeadamente, a Xunta de Galiza, polo que a situación orzamentaria, a dos seus servizos públicos se veu afectado en maior magnitude, malia a petulancia do seu Presidente, que agora, que acude a elas

desesperadamente, presume xustamente polo contrario. O cadro seguinte resume o significado e afectación destas

<b>INFORME SOBRE BENEFICIOS DOS "MECANISMOS ADICIONAIS DE FINANCIAMENTO 2012 - 2015</b>												
<b>REALIZADO POLO Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (23 de xuño de 2016)</b>												
<b>CIFRAS EN MILLÓNS DE EUROS, AGÁS PORCENTAXES.</b>												
CCAA	MECANISMOS ADICIONAIS DE FINANCIAMENTO 2012-2015					OOMMFF 2012-2015 (1)		TOTAL MECANISMOS		AFORRO		AFORRO
	FFPP	FLA	FFCCAA2015	TOTAL	%	TOTAL	%	TOTAL	%	2012-2015 (2)	%	P/ANTICIP.
ANDALUCIA	4.955,86	11.434,33	3.659,98	20.050,17	15,30	5.372,57	14,75	25.422,74	15,18	7243,76	16,28	2,72
ARAGÓN	512,75		1.483,37	1.996,12	1,52	577,42	1,58	2.573,54	1,54	134,30	0,30	0,29
ASTURIAS	243,31	782,83	560,77	1.586,91	1,21	667,09	1,83	2.254,00	1,35	538,79	1,21	0,23
I. BALEARS	1.344,14	2.606,76	1.194,34	5.145,24	3,93	1.704,33	4,68	6.849,57	4,09	1.850,49	4,16	2,73
CANARIAS	315,02	2.565,42	1.003,83	3.884,27	2,96	798,25	2,19	4.682,52	2,80	1.158,79	2,60	0,00
CANTABRIA	326,62	808,24	436,19	1.571,05	1,20	349,90	0,96	1.920,95	1,15	494,74	1,11	0,23
CASTELA LEÓN	1.052,41		2.053,25	3.105,66	2,37	2.063,58	5,66	5.169,24	3,09	288,10	0,65	4,92
CASTELA A MANCHA	4.025,84	3.505,31	1.329,11	8.860,26	6,76	1.077,98	2,96	9.938,24	5,93	3.701,71	8,32	0,45
CATALUNYA	6.556,14	25.392,41	11.689,19	43.637,74	33,29	8.593,70	23,59	52.231,44	31,18	15.781,27	35,48	21,53
ESTREMADURA	391,62	178,00	766,86	1.336,48	1,02	539,07	1,48	1.875,55	1,12	110,40	0,25	0,14
<b>GALIZA</b>			<b>1.567,40</b>	<b>1.567,40</b>	<b>1,20</b>	<b>1.248,06</b>	<b>3,43</b>	<b>2.815,46</b>	<b>1,68</b>	<b>126,44</b>	<b>0,28</b>	<b>0,83</b>
MADRID	1.346,80		1.846,07	3.192,87	2,44	251,17	0,69	3.444,04	2,06	265,66	0,60	0,44
MURCIA	1.790,84	2.494,60	1.157,41	5.442,85	4,15	1.323,72	3,63	6.766,57	4,04	2.093,36	4,71	2,17
A RIOXA	70,81		272,88	343,69	0,26	1.096,53	3,01	1.440,22	0,86	30,95	0,07	0,52
NAFARROA				0,00	0,00		0,00	0,00	0,00		0,00	0,00
PAIS BASCO				0,00	0,00		0,00	0,00	0,00		0,00	0,00
PAÍS VALENCIÁ	7.585,94	13.005,98	8.760,21	29.352,13	22,39	10.767,48	29,56	40.119,61	23,95	10.665,33	23,98	20,97
<b>TOTAL</b>	<b>30.518,10</b>	<b>62.773,88</b>	<b>37.780,86</b>	<b>131.072,84</b>	<b>100,00</b>	<b>36.430,85</b>	<b>100,00</b>	<b>167.503,69</b>	<b>100,00</b>	<b>44.484,09</b>	<b>100,00</b>	<b>58,17</b>
<b>% GZ / TOTAL</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>4,15</b>	<b>1,20</b>	<b>1,20</b>	<b>3,43</b>	<b>3,43</b>	<b>1,68</b>				
FFPP	FINANCIAMENTO PAGO A PROVEEDORES											
FLA	FONDO DE LIQUIDEZ AUTONÓMICO ATÉ 2014 (ACHEGA LIQUIDEZ ÁS CC.AA)											
FFCCAA2015	FONDO FINANCIACIÓN A CCAA, A PARTIRES DE 2015 (SOSTIBILIDADE FINANCEIRA E OUTRAS)											
(1)OOMMFF	OUTROS MECANISMOS DE LIQUIDEZ DISTINTOS DOS "ADICIONAIS DE FINANCIAMENTO":											
	LÍNEAS ICO - VENCIMIENTO CCAA											
	AMPLIAZÓN PRAZO REINTEGRO LIQUIDACIÓN NEGATIVAS SdF 2008 E 2009											
	ANTICIPOS CON CARGO AO SISTEMA DE FINANCIAMENTO											
	APRAZAMENTOS CUOTAS AMORTIZACIÓN PRÉSTAMOS DOS MECANISMOS ADICIONAIS DE FINANCIAMENTO											
(2)	Este é o Aforro que obtiveron as CCAA (comparado coas condicións existentes de mercado) só polos "Mecanismos Adicionais de Financiamento 2012-2015". É dicir, non inclúen os que se derivan dos "Outros Mecanismos de Liquidez" distintos aos anteriores.											
	Estúpido papel de Galiza : o seu Presidente como delegado do Goberno Central. Porcentaxe ridícula de participación nestes importantes fondos, que, por outra parte, amosan as eivas do vixente sistema de financiamento, agravado pola crise en curso. Por outra parte, mentres Galiza cumpría aproximadamente, ano tras ano, cos niveis de déficit establecidos no CPPF, limitando aínda máis a Política Orzamentaria galega, que levou a continuos recortes nos servizos públicos, no estado de benestar, nos gastos de capital, fundamentais para o desenvolvemento económico e a creación de postos de traballo. Pola contra depauperación da maioría dos sectores produtivos básicos, medre do paro, emigración, forzada, menores salarios, empeoramento condicións traballo, redución das pensións de facto, ... . Non hai que dicir aquí, o sintomático da non participación nesta panoplia de medidas das Comunidades que dispoñen dun réxime foral (Euskadi Sur) e do seu mellor comportamento económico e social ao longo deste período turbulento de crise que andamos, aínda, a padecer, e que as medidas que se adoptan son incapaces de superar. Aproveitamento da situación polas grandes empresas, auténticos podes fácticos: manufactureiras, enerxéticas, de telecomunicacións, financeiras, ... para descargar a crise ao lombo dos de sempre, para o seu beneficio exclusivo, en conivencia co Goberno Central que actúa a seu ditado.											

medidas nas diferentes CCAA no período 2012-2015.

Como vemos, este conxunto variado de medidas totalizaron no período 2012-2015 167.503,7 M€, cunha distribu-

MECAN. ADICION.		
ANO	TOTAL M€	GALIZA M€
2012	49.120,19	440,20
2013	34.847,26	228,90
2014	36.005,30	228,90
2015	47.530,91	1.917,46
<b>TOTAL</b>	<b>167.503,69</b>	<b>2.815,46</b>

ción anual, que equivale a unha media de preto de 41.900 M€. Destas medidas deben distinguirse "os mecanismos adicionais de financiamento" (que totalizaron nese mesmo período 131.072,8 M€) dos "outros mecanismos de liquidez" (36.430,9 M€ nese mesmo período). Nos primeiros, Galiza non vai participar até o ano 2015, con 1.567,4 M€ (o 1,2% destes recursos). Nos segundos, Galiza, e todas as CC.AA do réxime común, teñen que participar obrigatoriamente na medida referida a ampliación do prazo de reintegro de 10 a 20 anos, das liquidacións negativas do sistema de financiamento (a prol do Estado) nos anos 2008 e 2009, participando cunha contía total no período 2012-2015 de 1.036,8 M€. Asemade, tamén o fai na medida referida aos anticipos con cargo ao sistema de financiamento, segundo se regula na lei do sistema vixente, cando se produce unha



modificación estatal de normas tributarias, mais unicamente no ano 2012, e por unha contía de 211,3 M€. En resume toda a panoplia de mecanismos de incremento de liquidez ás CCAA, significaron para Galiza, nese período 2012-2015, unha contía total de 2.815,5 M€, **equivalente ao 1,7 por cento dos recursos totais empregados**. De estendérmonos o período anterior até o ano 2016, Galiza cunha participación de 3.666,6 M€ sobre un total de 192.464,3 M€, elevaría a súa participación **ao 1,91%**<sup>1</sup>.

Na teima co déficit a que referiamos enriba, a Táboa a seguir móstranos a evolución de **deficit** previsto das diferentes Administracións Públicas (AAPP), en termos da Contabilidade “Nacional”, ou sexa, da Necesidade de Financiamento expresada en termos de porcentaxe sobre o PIB español.

ÁMBITO	2016	2017	Red. Déf.	2018	2019
Adm. Central	-2.2	-1.1	1.1	-0.7	-0.3
C. Autónomas	-0.7	-0.6	0.1	-0.3	0.0
Corp. Locais	0.0	0.0	0.0	0.0	0.0
Seguranza Social	-1.7	-1.4	0.3	-1.2	-1.0
<b>TOTAL AA.PP.</b>	<b>-4.6</b>	<b>-3.1</b>	<b>1.5</b>	<b>-2.2</b>	<b>-1.3</b>

Vemos co **obxectivo de déficit** previsto en 2017 se sitúa case no límite comunitario (3%), o que significará unha redución do déficit polo conxunto das Administracións Públicas de 1,5 puntos porcentuais do PIB para o conxunto das AAPP. Contrasta neste

cadro, a teima en reduciren o déficit a niveis mínimos, mais permanentes, para desta maneira poder xustificar a continuación nas políticas “de axuste” que gravitarán sobre as maiorías sociais, mentres as previsións do endebedamento público se manterán arredor do 95-100% do PIB, superando por moito o teito comunitario do 60% (como por certo fan a maioría dos estados da UE), o que non parece preocupar ren fronte a posición que manteñen en relación co déficit. E na mesma liña, salienta a aceleración da diminución do déficit en todas as administracións, a excepción, precisamente, do Sistema da Seguranza Social, o que non parece cadrar coas optimistas previsións contidas no cadro macro-económico. Así o PIB, en termos de volume descendería desde o 3,2% alcanzado no exercicio 2016 ao 2,5% en 2017. Porén, producirase unha brusca elevación do *deflator* do PIB (algo así como un índice global dos prezos de todos os bens e servizos da economía) desde o 0,3 ao 1,6, de maneira que, en termos nominais, o PIB experimentará un crecemento desde o 3,6% até o 4,1% no exercicio en curso. E da mesma maneira prevese un crecemento do emprego total (postos de traballo equivalente a tempo completo) do 2,5%, mentres que a remuneración por asalariado pasará dun incremento nulo no ano anterior, ao 1,3% previsto para o exercicio en curso. Ademais, os ingresos impositivos, dado o “favorábel contexto económico” se estima medrarán en case o 8%, algo que moi poucos se toman a serio. Porén, e malia o dito, as cotizacións á Seguranza Social diminuirán un 5,7% (pasando de 117.243 a 110.560 M€, nos anos 2016 e 2017 respectivamente). Non parece que todo isto resista a máis apoucada análise lóxica.

Subsectores	M€		%PIB	
	2015	2016	2015	2016
AC	-27.850	-28.019	-2.59	-2.52
CCAA	-18.687	-9.155	-1.74	-0.82
CCLL	5.094	7.083	0.47	0.64
Fondos da SS	-13.150	-18.096	-1.22	-1.62
Sist. SS e Mutuas	-18.210	-20.283	-1.69	-1.82
SPEE	5.237	2.294	0.49	0.21
FOGASA	-177	-107	-0.02	-0.01
<b>AAPP</b>	<b>-54.593</b>	<b>-48.187</b>	<b>-5.08</b>	<b>-4.33</b>

#### **Necesidade/Capacidade de Financiamento das AAPP 2015-2016 (M€ e %PIB)-IGAE.**

Entre os anos 2016 e 2015, mentres a Administración Central (Estado e Organismos da AC) incrementa a súa necesidade de financiamento, as CC.AA padecen unha forte redución desa necesidade, e os concellos teñen superávit en incremento, mostrando que son as verdadeiras vítimas das políticas “de axuste e de

austeridade”. Pola contra, malia a mellora da economía, de emprego, e demais, segundo a propaganda habitual, o

<sup>1</sup> Por suposto, na medida que se tratar de préstamos, toda esta cuestión das medidas de liquidez adicionais ás CCAA e CCLL, non forman parte das preocupacións dos elaboradores das balanzas fiscais, ao excluíren dos seus cálculos as operacións financeiras, para que todo funcione como debe ser, e o españolismo abrolle con todo o seu esplendor, por moito que non teña nada a ver coa realidade.

Sistema de Seguraza Social experimenta unha necesidade de financiamento en ascenso, mentres que o Servizo Público de Emprego mostra superávits, como consecuencia da diminución dos “beneficiarios” por esgotamento das prestacións, nun sarcasmo máis desta sociedade tan racional do punto de vista dos intereses dominantes.

Ademais, de acordo cos datos de Eurostat para o ano 2015, os ingresos por impostos e cotizacións sociais no estado español significaban o 35,6% do PIB, fronte ao 40% do conxunto da UE, o 41,4 da zona euro, por non mencionar o 47,9% e o 37% dos estados veciños francés e portugués, respectivamente. Nisto non hai de “converxer coa media da UE”. Resulta preferíbel facer a vista gorda á fraude fiscal, que denuncian continuamente os organismos representativos da inspección fiscal, que, de se atacar debidamente, e de dispor dun sistema fiscal no que os ricos e as grandes empresas pagasen o que deberían, estas últimas moi por embaixo do 30% nominal, como mesmo rexistran os informes anuais de recadación da AEAT, os orzamentos do estado poderían presentar un superávit escandaloso.

Mais iso si: “Iníciase así unha nova etapa de control do gasto público na que a **aplicación da regra do gasto** conducirá a que o gasto nominal do conxunto das administracións públicas só medrará como consecuencia do deflato do PIB. Deste xeito, a ratio Gasto público/PIB continuará na súa diminución, permanecendo en niveis por embaixo da media da UE e das principais economías europeas”. Aí que ver pouco europeísmo!. Trátase pois, de que o sector público se achegue a subministración dun mínimo de servizos públicos, e si puidera quedar reducido unicamente ao sostén do aparello represivo do sistema, tal sería o paraíso co que soñan quen hoxe gobernan e todos os predicadores da ideoloxía económica hoxe dominante.

INGRESOS	2014				2015				2016				2017				ESTRUTURA (%)		
	M€	Δ%	2016	2017	M€	Δ%	2016	2017	M€	Δ%	2016	2017	M€	Δ%	2016	2017	DIF.		
Ingresos impositivos	105.317		111.600	111.957	111.386	-571	-0,5	25,7	25,1	-0,5									
Cotizacións sociais e CDS	125.040		132.827	141.400	135.869	-5.531	-3,9	32,4	30,7	-1,7									
Resto de Ingresos	35.794		35.315	34.276	32.957	-1.318	-3,8	7,9	7,4	-0,4									
<b>ING. NON FINANCIEROS</b>	<b>266.150</b>		<b>279.742</b>	<b>287.632</b>	<b>280.212</b>	<b>-7.421</b>	<b>-2,6</b>	<b>65,9</b>	<b>63,2</b>	<b>-2,7</b>									
Activos Financeiros	15.528		18.577	11.400	11.879	479	4,2	2,6	2,7	0,1									
Pasivos Financeiros	141.553		141.757	137.340	151.045	13.705	10,0	31,5	34,1	2,6									
<b>OPERAC. FINANCIERAS</b>	<b>157.081</b>		<b>160.334</b>	<b>148.740</b>	<b>162.924</b>	<b>14.184</b>	<b>9,5</b>	<b>34,1</b>	<b>36,8</b>	<b>2,7</b>									
<b>INGRESOS TOTAIS</b>	<b>423.231</b>		<b>440.076</b>	<b>436.373</b>	<b>443.136</b>	<b>6.763</b>	<b>1,5</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>0,0</b>									
CDS = Cuotas Dereitos Pasivos																			
GASTOS	2014				2015				2016				2017				ESTRUTURA (%)		
Persoal	21.304		21.598	22.434	22.081	-353	-1,6	5,1	5,0	-0,2									
Compras públicas	7.619		7.869	7.808	7.814	6	0,1	1,8	1,8	0,0									
Financeiros	36.662		35.560	33.555	32.266	-1.288	-3,8	7,7	7,3	-0,4									
Transf. Correntes	231.126		231.583	233.681	237.948	4.267	1,8	53,6	53,7	0,1									
<b>OPER. CORRENTES</b>	<b>296.711</b>		<b>296.611</b>	<b>297.478</b>	<b>300.109</b>	<b>2.631</b>	<b>0,9</b>	<b>68,2</b>	<b>67,7</b>	<b>-0,4</b>									
<b>FONDO CONTINXENCIA</b>	<b>2.666</b>		<b>2.595</b>	<b>2.468</b>	<b>2.382</b>	<b>-86</b>	<b>-3,5</b>	<b>0,6</b>	<b>0,5</b>	<b>0,0</b>									
Investimentos Reais	4.728		4.959	5.178	6.659	1.481	28,6	1,2	1,5	0,3									
Transf. de Capital	9.986		11.345	9.363	9.296	-67	-0,7	2,1	2,1	0,0									
<b>OPER. DE CAPITAL</b>	<b>14.714</b>		<b>16.304</b>	<b>14.540</b>	<b>15.955</b>	<b>1.415</b>	<b>9,7</b>	<b>3,3</b>	<b>3,6</b>	<b>0,3</b>									
<b>G. NON FINANCIEROS</b>	<b>314.091</b>		<b>315.510</b>	<b>314.487</b>	<b>318.446</b>	<b>3.960</b>	<b>1,3</b>	<b>72,1</b>	<b>71,9</b>	<b>-0,2</b>									
Activos Financeiros	40.535		32.333	37.372	36.668	-705	-1,9	8,6	8,3	-0,3									
Pasivos Financeiros	68.605		92.233	84.514	88.022	3.508	4,2	19,4	19,9	0,5									
<b>OPERAC. FINANCIERAS</b>	<b>109.140</b>		<b>124.566</b>	<b>121.886</b>	<b>124.690</b>	<b>2.804</b>	<b>2,3</b>	<b>27,9</b>	<b>28,1</b>	<b>0,2</b>									
<b>GASTOS TOTAIS</b>	<b>423.231</b>		<b>440.076</b>	<b>436.373</b>	<b>443.136</b>	<b>6.763</b>	<b>1,5</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>0,0</b>									
SALDO NON FINANCIERO	-47.941		-35.768	-26.854	-38.235	-11.380	29,8												
ENDEBEDAMENTO BRUTO	141.553		141.757	137.340	151.045	13.705	9,1												
ENDEBEDAMENTO NETO	72.948		49.524	52.827	63.023	10.196	16,2												
Servizo da Débeda	105.267		127.793	118.068	120.288	2.220	1,8												
Débeda Pública	114.407		127.723	118.006	132.205	14.199	10,7												

A tradución do anterior nos ingresos e gastos integrados nos orzamentos **consolidados** (Estado, Organismos Autónomos, Axencias Estatais, Outros Organismos Públicos e Seguraza Social, que constitúen o Sector Público Administrativo) para 2017, reflíctense resumidamente neste cadro.

Do lado dos ingresos, este cadro non inclúe o conxunto dos tributos “cedidos” ás CCAA e ás CCLL. Vemos como os ingresos consolidados alcanzan a contía de 443.136 M€, un 1,5 por cento superiores aos do ano anterior, como consecuencia exclusiva do incremento que experimentan os Pasivos Financeiros

(incremento do endebedamento do exercicio nun 10 por cento), xa que todos os ingresos de carácter non

IMPOSTO	2014				2015				2016				2017				ESTRUTURA (%)		
	M€	Δ%	2016	2017	M€	Δ%	2016	2017	M€	Δ%	2016	2017	M€	Δ%	2016	2017	DIF.		
IRPF	15.514		15.217	8.309	7.790	-519	-6,2	24,1	24,4	0,4									
Renda non Residentes	1.410		1.598	1.505	1.394	-111	-7,4	4,4	4,4	0,0									
Sociedades	3.310		3.950	3.841	2.127	-1.714	-44,6	11,1	6,7	-4,5									
I. sobre o Patrimonio	13		19	30	29	-1	-1	0,1	0,1	0,0									
<b>I. DIRECTOS</b>	<b>20.247</b>		<b>20.783</b>	<b>13.686</b>	<b>11.341</b>	<b>-2.344</b>	<b>-17,1</b>	<b>39,7</b>	<b>35,6</b>	<b>-4,1</b>									
Valor Engadido	16.628		18.384	19.241	18.945	-296	-1,5	55,8	59,4	3,7									
Primas de Seguros	584		574	554	581	27	4,9	1,6	1,8	0,2									
Impostos Especiais	827		886	920	901	-19	-2,1	2,7	2,8	0,2									
<b>I. INDIRECTOS</b>	<b>18.039</b>		<b>19.844</b>	<b>20.715</b>	<b>20.426</b>	<b>-288</b>	<b>-1,4</b>	<b>60,0</b>	<b>64,1</b>	<b>4,1</b>									
<b>TAXAS</b>	<b>74</b>		<b>92</b>	<b>98</b>	<b>100</b>	<b>2</b>	<b>2,1</b>	<b>0,3</b>	<b>0,3</b>	<b>0,0</b>									
<b>TOTAL BENF. FISCAIS</b>	<b>38.360</b>		<b>40.719</b>	<b>34.498</b>	<b>31.868</b>	<b>-2.631</b>	<b>-7,6</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>0,0</b>									

**abranguen ao 90% do conxunto dos ingresos** consolidados, co último destes conceptos abrangendo el só o 34 por cento do total dos ingresos consolidados do Sector Público Administrativo. Non repetiremos aquí as

cuestións relacionadas coa inxustiza manifesta da perspectiva das maiorías sociais do sistema fiscal español. E así, ademais do escandaloso nivel de fraude fiscal existente, que por si propio transformaría o déficit presente nos orzamentos nun cómodo superávit, observamos como os denominados **gastos/beneficios fiscais**, é dicir o que o Estado deixa de ingresaren como consecuencia da existencia de diferentes exencións, deducións e bonificacións no conxunto do sistema fiscal español, se estiman en 2017 en 31.868 M€ --pouco inferior ao saldo non financeiro orzamentario de 38.235 M€--, malia diminuíren nun 7.6 por cento en relación co exercicio anterior. Nótese que este saldo non financeiro orzamentario experimenta unha subida espectacular de case o 30 por cento.

Do lado dos gastos, vemos co seu medre total nun 1,5 por cento componse do incremento dos gastos correntes no 0,9%, especialmente polo incremento que experimentan as transferencias, xa que as retribucións dos traballadores da función pública, malia o anunciado incremento do 1% das súas retribucións e do incremento do número de prazas a convocar, alcanzando a taxa de reposición mesmo o 100% nos sectores “prioritarios”, mais o 50 por cento no resto de sectores, diminúen no 1,6%; do avultado incremento dos gastos de capital, por mor do comportamento dos investimentos, que medran nada menos que en case o 29% (+1.481 M€), sen dúbida relacionado co Ministerio de Defensa, a quen o seu nivel de endebedamento dos Programas Especiais, os leva a que “a dotación dos seus investimentos ... inclúe a dotación de recursos adicionais por 1.818 M€ coa finalidade de atenderen aos **compromisos de pago** dos programas Especiais de Modernización, **sen impacto no déficit público do ano 2017, ao se tratar de entregas realizadas en anos anteriores**”. A “enxeñería financeira” posta a toda máquina!, disfrazada de investimentos; e por suposto, polo incremento dos Pasivos Financeiros –amortización da débeda--, que medrando, sobre o ano anterior, un 4,2% equivale case ao 20% do gasto total do Sector Público Administrativo (SPA). Toda unha política orientada, de facto, cara o “axuste” e allea a máis mínima preocupación polo crecemento, e por tanto, á creación de emprego e a recuperación nos ingresos nas administracións públicas que lles permita realizar a súa actividade cara satisfacer axeitadamente as necesidades diversas dos cidadáns.

O Cadro a continuación amósanos un resumo das **políticas principais de gasto** que pretenden levar a cabo os OXE de 2017, e das que cabería salientar os aspectos seguintes.

POLÍTICAS DE GASTO	2014	2015	2016	2017	M€	Δ%	ESTRUTURA (%)		
							2016	2017	DIF.
<b>SS.PP. BÁSICOS (1)</b>	<b>16.355</b>	<b>16.485</b>	<b>16.720</b>	<b>16.918</b>	<b>198</b>	<b>1,2</b>	<b>3,8</b>	<b>3,8</b>	<b>0,0</b>
Pensións	127.484	131.659	135.449	139.647	4.198	3,1	31,0	31,5	0,5
Outras prestac. económicas	11.291	10.944	11.686	13.501	1.815	15,5	2,7	3,0	0,4
Serv. Sociais e Prom. Social	1.850	1.944	2.296	2.408	112	4,9	0,5	0,5	0,0
Fomento do Emprego	4.074	4.746	5.215	5.499	284	5,5	1,2	1,2	0,0
Desemprego	29.728	25.300	19.621	18.318	-1.303	-6,6	4,5	4,1	-0,4
Outras Actuacións sociais (2) <sup>✓</sup>	11.625	12.817	13.868	11.982	-1.886	-13,6	3,2	2,7	-0,5
<b>GASTO SOCIAL</b>	<b>186.051</b>	<b>187.410</b>	<b>188.135</b>	<b>191.356</b>	<b>3.221</b>	<b>1,7</b>	<b>43,1</b>	<b>43,2</b>	<b>0,1</b>
Agr., Pesca e Aliment.	7.681	8.580	7.403	7.422	19	0,3	1,7	1,7	0,0
Industria e enerxía	5.778	6.028	5.456	5.445	-10	-0,2	1,3	1,2	0,0
Infraestruturas (3)	5.454	6.150	6.049	5.392	-657	-10,9	1,4	1,2	-0,2
Investigación civil	5.633	5.668	5.793	6.029	235	4,1	1,3	1,4	0,0
Investigación militar	507	727	632	461	-170	-27,0	0,1	0,1	0,0
Resto actuacións econ. (4) <sup>✓</sup>	2.978	3.231	3.072	2.905	-167	-5,4	0,7	0,7	0,0
<b>ACTUAC. ECONÓMICAS</b>	<b>28.030</b>	<b>30.384</b>	<b>28.405</b>	<b>27.655</b>	<b>-751</b>	<b>-2,6</b>	<b>6,5</b>	<b>6,2</b>	<b>-0,3</b>
Transf. ás Adm. Públicas (5)	45.989	47.166	48.816	48.225	-591	-1,2	11,2	10,9	-0,3
Débeda Pública (xuros)	36.590	35.490	33.490	32.171	-1.319	-3,9	7,7	7,3	-0,4
Outras act. Xerais (6) <sup>✓</sup>	32.400	30.908	36.290	26.777	-9.513	-26,2	8,3	6,0	-2,3
<b>ACTUAC. DE CAR. XERAL</b>	<b>114.979</b>	<b>113.564</b>	<b>118.596</b>	<b>107.173</b>	<b>-11.423</b>	<b>-9,6</b>	<b>27,2</b>	<b>24,2</b>	<b>-3,0</b>
Débeda Pública (Amort.)	77.817	92.233	84.516	100.034	15.518	18,4	19,4	22,6	3,2
<b>TOTAL CONSOLIDADO</b>	<b>423.231</b>	<b>440.076</b>	<b>436.373</b>	<b>443.136</b>	<b>6.763</b>	<b>1,5</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>0,0</b>

(1) Xustiza, Defensa, Seguranza Cidadá e Institucións Penais, e Política Exterior.

(2) Acceso á vivenda, Xestión e administración da Seguranza Social, e a produción de bens públicos de **carácter preferente**: Sanidade, Ensino e Cultura.

(3) Obviamente non se inclúen aquí, no ámbito do Sector Público Administrativo, as actuacións do Sector Público Empresarial nin as derivadas doutras fórmulas de financiamento distintas do investimento directo, como as de abono aprazado, de colaboración público-privada, etcétera.



- (4) Comercio, Turismo e Pemes, Subvencións ao transporte e Outras actuacións de carácter económico.
- (5) Delas, 33.797 e 33.698 M€ corresponden aos sistemas de financiamento das CCAA e das CCLL nos anos 2015 e 2016, respectivamente.
- (6) Órganos Constitucionais e outros OO do Estado, Servizos de carácter xeral, Administración financeira e tributaria.

O conxunto do **Gasto Social** que se sitúa xa só no 43,2% dos gastos consolidados, practicamente ao mesmo nivel ca no exercicio anterior aínda que medra o 1,7%, case igual co conxunto dos orzamentos. O conxunto das pensións (contributivas, non contributivas e “clases pasivas”) experimenta un medre no 3,1%, equivalendo ao 31,5 por cento do gasto total consolidado do SPA. As pensións contributivas equivalen a 122.777 M€ no ano 2017, por razón do incremento neto do número de pensionistas e a superior pensión, en xeral, dos novos entrantes no sistema. O resto das actuacións de carácter social teñen unha baixa participación en relación co conxunto do gasto, debendo salientar o incremento do 15,5% das Outras prestacións Económicas (I. Temporal e outras da SS (Maternidade, ...; as prestacións das Mutualidades Administrativas –MUFACE, ISFAS e MUGEJU; as prestacións de garantía salarial (FOGASA) e as prestacións económicas por cese de actividade); a diminución nun 6,6% dos recursos dedicados ao desemprego, o incremento en 100 M€ das prestacións por dependencia (SAAD, cunha dotación total de 1.355 M€ en 2017), o incremento do 5,5% das actuacións de fomento do emprego (que totalizan 5.500 M€), e finalmente, as fortes reducións do 20 e 31% nas políticas de acceso á vivenda e fomento da edificación, e na xestión e administracións da SS.

Malia o seu feble peso –6,2% do conxunto de gastos, cunha caída recorrente ao longo dos pasados anos e a perda de 0,3 puntos porcentuais, no ano en curso–, as **Actuacións de carácter Económico** experimentan diminución do 2,6% sobre o ano anterior, salientando as quedas nas Infraestruturas (-11%)<sup>2</sup> e na I+D+i militar (-27%), se ben a de carácter civil experimenta un medre do 4%.

As **Actuacións de carácter Xeral** perden 3 puntos porcentuais situándose no 24% sobre o gasto total, de maneira que en conxunto diminúen o 10% en relación co ano anterior.

Digamos, finalmente, co **Servizo da Débeda Pública** no exercicio (xuros e amortización) significa o **30% do conxunto dos gastos consolidados**, para maior gloria dos sectores financeiros estatal e internacional.

---

<sup>2</sup> Ter en conta que estamos no ámbito do Sector Público Administrativo, polo que non se contemplan as actuacións en infraestruturas produtivas ou sociais que corren a cargo do Sector Público Empresarial (de grande importancia individual e económica), nin as que se realicen polos métodos (mal)chamados de colaboración pública-privada, dos que non se informa no proxecto orzamentario.

## OS INVESTIMENTOS DO SECTOR PÚBLICO CENTRAL NA GALIZA EN 2017.

A actuación investidora do Sector Público Central (Estado, Organismos Autónomos, Axencias Estatais, Outros Organismos Públicos, Seguranza Social –que integran o chamado Sector Público Administrativo–, o Sector Público Empresarial e Fundacional e as Entidades do Sector Público Administrativo e Fondos sen personalidade xurídica) –SPC, en adiante–, no conxunto do Estado e na Galiza, podémola resumiren como se indica na Táboa a continuación, da que salientaremos os aspectos máis relevantes.

CRÉDITOS INICIAIS Organismo	ESTADO				GALIZA			
	2016 M€	2017 M€	Δ%	ESTRUT. %	2016 M€	2017 M€	Δ%	ESTRUT. %
<b>1. AXE</b>	<b>4.954,8</b>	<b>6.446,9</b>	<b>30,1</b>	<b>50,1</b>	<b>254,4</b>	<b>215,6</b>	<b>-15,3</b>	<b>23,3</b>
Estado (1)	3.632,7	5.330,3	46,7	41,4	231,3	193,1	-16,5	20,9
Organ. Autónomos	1.039,7	829,1	-20,3	6,4	22,5	21,9	-2,8	2,4
Axencias Estatais	209,9	197,8	-5,8	1,5	0,4	0,6	37,5	0,1
Outros OOPP	72,5	89,6	23,5	0,7	0,2	0,1	-45,0	0,0
<b>2. SEGURANZA SOCIAL</b>	<b>223,6</b>	<b>212,0</b>	<b>-5,2</b>	<b>1,6</b>	<b>15,6</b>	<b>12,0</b>	<b>-23,4</b>	<b>1,3</b>
<b>3. OXE CONSOL. [1+2]</b>	<b>5.178,4</b>	<b>6.658,9</b>	<b>28,6</b>	<b>51,8</b>	<b>270,1</b>	<b>227,6</b>	<b>-15,7</b>	<b>24,6</b>
<b>4. S.P. EMPRESARIAL</b>	<b>8.104,8</b>	<b>6.157,4</b>	<b>-24,0</b>	<b>47,9</b>	<b>1.096,4</b>	<b>696,0</b>	<b>-36,5</b>	<b>75,3</b>
<b>5. EE-SPA s/p.x.</b>	<b>19,8</b>	<b>51,1</b>	<b>157,7</b>	<b>0,4</b>	<b>0,7</b>	<b>1,0</b>	<b>44,4</b>	<b>0,1</b>
<b>6. S.P.C. [3+4+5]</b>	<b>13.303,1</b>	<b>12.867,5</b>	<b>-3,3</b>	<b>100,0</b>	<b>1.367,2</b>	<b>924,6</b>	<b>-32,4</b>	<b>100,0</b>

(1) Órganos Constitucionais + Seccións Orgánicas (Ministerios) + Seccións non orgánicas

O axente investidor máis importante é o Sector Público Empresarial (SPE) que realiza o 48% dos investimentos totais do SPC no conxunto da pel de touro, mais na Galiza faino *en máis do 75%* dos investimentos totais do SPC no noso país. Da mudanza experimentada que isto representa, fagamos notar que no


exercicio 2015 as dúas porcentaxes anteriores equivalían ao 60 e 58% respectivamente, con perda de peso no primeiro caso (estatal) e forte gaño de case 20 puntos porcentuais no segundo (galego). Así no caso estatal, no ámbito dos orzamentos Consolidados realízase o 52% dos investimentos restantes, dos que só o 41% corresponden ao Estado como administración, propiamente tal. No caso galego, as cifras equivalentes son do 25 e do 21% respectivamente. Todo isto supón unha mudanza *cuantitativa* na distribución do investimento directo a executar polos diferentes axentes investidores do SPC no caso galego.

É moi importante, xa que logo, ter ben presente cando se fala de investimentos a que axente ou ámbito investidor estamos a nos referir, tanto por hixiene mental propia como, máis importante, para frear o sen número de manipulacións que poden se realizar cando un contempla unha parte específica dos investimentos e non a totalidade dos mesmos, teima esencial dos partidos estatais na Galiza, para crear tanta máis confusión mellor.

Así deixemos dito que salvo aviso en contrario nós referirémonos sempre aos investimentos *totais* do SPC, sexa no conxunto do Estado ou na Galiza. Nin tan sequera aos totais do SPC *territorializados*, tal como adoitan facer os outros na Galiza, unha trécola de moito proveito para eles, xa que reflicte o ideario do *españolismo* e presenta unha situación irreal no noso país sobre os investimentos do Estado. Por outra parte falaremos, como nos documentos orzamentarios, dos investimentos de *xestión directa*, deixando de lado<sup>3</sup> investimentos realizados polo *método de abono completo* ao finalizaren a obra realizada por unha empresa privada, os realizados polo *método de peaxe na sombra*, e en xeral, todos os fundamentados na chamada *colaboración público-privada (CPP)*, ou os que realizan as diferentes CCAA a través das *transferencias de capital* correspondentes, incorporadas no documento orzamentario estatal, de certa importancia mesmo cuantitativa, dos que Galiza non participa ren ou participa moi escasamente, o que deforma notabelmente *a distribución real dos investimentos do SPC nas diferentes autonomías*. Xa outras veces temos referido as circunstancias específicas que conduciron ao desprazamento dos investimentos cara ás empresas públicas, *sacándoas fóra do ámbito consolidado*, e a utilización dos métodos referidos para desta maneira presentaren un déficit/superávit público que nada tiña/ten a ver coa realidade, *todo ilo feito co debido consentimento da nunca suficientemente ben ponderada Unión Europea* sobre todo para impulsar desta maneira a *participación crecente e os beneficios do sector privado* no negocio das obras públicas, encuberta sob o eufemismo de *colaboración público-privada*.

<sup>3</sup> Mesmo obrigatoriamente, dada a inexistencia de información deste tipo de actuacións nos orzamentos, deixando claro así, a súa vontade sobre o cumprimento do manipulado principio de transparencia.

En termos da relación co ano anterior, vemos que Galiza experimenta **unha queda do 32.4%**, equivalente a 442,6 M€, fronte a **diminución de unicamente o 3,3%** en que o fan o conxunto dos investimentos do SPC (-435,6 M€). **Este feito, de ser, en termos absolutos, a diminución experimentada na Galiza superior ao do conxunto do SPC (e a relativa, case dez veces superior en negativo), constitúe un feito tan relevante, que seguramente sexa a primeira vez na historia orzamentaria estatal que aconteza, ou cando menos en algúns dos decenios últimos transcorridos, reflectindo con precisión matemática a posición perdedora de Galiza, e inutilidade do seu goberno, e en primeiro lugar, do seu Presidente, que mais unha vez nos amosa a súa disposición a favorecer calquera prexuízo para o país, para ben da súa España, grande e libre, e tan allea á solución das nosas preocupacións e necesidades nos eidos económico, social e cultural.**




Como vemos, a diminución en relación co ano anterior que experimenta Galiza (442,6 M€), obedece sobre todo, e malia ao dito enriba respecto da súa participación relativa nos investimentos do SPC na Galiza, á actuación do SPE (-400,4 M€) e ao sector Consolidado (-42,5 M€), padecendo diminución no caso de todos os axentes investidores, agás no caso das Entidades do Sector Público Administrativo sen personalidade xurídica, de contía desprezábel, no

conxunto dos investimentos. Como resultado disto, obtemos co **peso** porcentual dos investimentos do SPC en Galiza diminúe notabelmente **pasando de significar o 10.3% dos realizados no conxunto do Estado no ano 2016, ao 7,2% no proxecto de Lei dos OXE 2017, quedando por embaixo da soleira real do 8%, que algúns consideraban o totem dino de adoración per se**, demostrando, cando menos, un deficiente coñecemento da dinámica investidora.

Mais a Gráfica anterior, ponos en evidencia algunha cousa máis de certo interese, sobre todo para os amigos de terxiversar a realidade, dos que o campión é, nisto sen dúbida ningunha, o actual presidente da Xunta (iñ)a. Os orzamentos na Galiza do SPC eran inferiores ao 5% do total destes, desde 2004 cara atrás, e se estendéramos os datos cara datas máis distantes no tempo, a visión sería moito máis doada de visualizar. Dáse un proceso de ascenso, desde niveis mínimos, a partires do desgraciado acontecemento do afundimento do *Prestige*, a fins do ano 2002, outra obra magna do PP para co noso País. Porén, vai ser, nesa situación de emerxencia producida, cando os Parlamentarios Nacionalistas no Congreso, encabezados por Francisco Rodríguez, consecuentes coa grave situación do País, e a chegada do PSOE ao goberno do Estado, que vai facilitar o dar apoio aos orzamentos estatais, previo acordo das modificacións propostas a prol de Galiza, no período 2006-2009, que marcan os fitos históricos do investimento estatal na nosa nación, tanto en termos iniciais, simples previsións, como en termos liquidados, que veremos posteriormente. A chegada ao goberno da Xunta do PP, de novo, en 2009, marca unha tendencia marcadamente negativa, unha caída en picado, nos investimentos do SPC na Galiza, tanto en termos iniciais (e peor no caso dos liquidados), que analizamos aquí, non sendo o que acontece este ano senón unha mostra máis, por se falta fixer, do desleixo a respecto da defensa dos intereses galegos, malia a existencia dun goberno amigo en Madrid desde fins do ano 2011. Así pois, nada máis xusto aquí, que aquilo de que a cada quen o seu. Negar esta realidade, non pode ser mais que froito dunha negación da realidade, propia de persoas que padecen unha certa caste de demencia.



Por outra parte, a evolución histórica no período 2000-2017 do *incremento sobre o ano anterior* dos investimentos na Galiza en termos dos créditos iniciais é como se indica nesta Gráfica que, en xeral, expresa a



tendencia minguanse desas **taxas** de crecemento, e mesmo o seu carácter negativo nos exercicios de 2010, 2013, 2016 e 2017. O elevado crecemento que se experimenta no 2003 ten como causa as derivadas do afundimento do *Prestige*, e tendo en conta o baixo nivel anterior de que se partía. E por suposto, o volume de investimento nunha comunidade dada, nun ano dado, ten un teito obvio, o que condiciona e xustifica a evolución histórica desas taxas de incremento, mesmo á marxe de situacións de crise, como a que padecemos nestes tempos, e nas que precisamente *os investimentos adoitan xogar un dos papeis propicios entre as partidas 'de axuste', á baixa, de cara a contención do gasto público (xunto coa diminución dos servizos públicos e da privatización da actividade da*


*Administración Pública*), como nos poñen en evidencia todos os gobernos do PP, sexa no goberno central, na Xunta e nos Concellos e Deputacións. Aínda que debe ser evidente que coas taxas de crecemento non se come, senón coas cifras absolutas pertinentes que permitan a continuación normalizada dos programas plurianuais en curso, de maneira que poidan cumprirse cos prazos de execución previstos e non se produzan demoras disparatadas recorrentes como, lamentablemente, podemos contemplar na historia investidora do Estado na Galiza, de maneira que a unidade de tempo axeitada no noso caso é o decenio (non o ano), e afrontar os novos proxectos de investimento considerados prioritarios para o país. E é sobre estas bases que debe medirse, nun exercicio dado, a corrección ou non das dotacións investidoras previstas no proxecto de lei e na lei correspondente.

Por outra parte, xa coñecemos que a *norma* esencial do españolismo, a aplicaren *urbi et orbe*, consiste na utilización do criterio de capitación. Porén, este criterio de capitación, malia a súa aparencia lóxica, non o podemos nin debemos consideralo completamente apropiado, xa que o esencial nisto é o nivel de partida das necesidades relativas en relación cos outros territorios, á parte de que o custo de realización dunha mesma infraestrutura non é a mesmo na Galiza, en xeral, que noutras partes do Estado, dadas a súas circunstancias orográficas, de dispersión da poboación, etc.. Obviamente, a medición coma un fetiche en termos *per capita*, beneficia aos territorios máis poboados. Por exemplo, se a M-40 madrileña, ou calquera outra actuación, é necesaria con 6 ou con 3 millóns de habitantes, visto en termos *per capita*, é completamente diferente (o duplo no segundo caso). Parece ben máis lóxico, xa que logo, que os criterios definidores dos investimentos públicos (no ámbito de calquera administración) deberían fundamentarse na *súa suficiencia en relación coas necesidades obxectivas reais nos diferentes territorios e no seu custo real*.

## TEORÍA/ANUNCIO E PRÁCTICA/REALIDADE NO ÁMBITO ORZAMENTARIO.

Á vista do discutido previamente, resultará nido cos créditos iniciais non son mais que algo así como anuncios de investimento, aínda que o importante é, obviamente, a súa realidade, como eses créditos se executan na realidade.

A información aquí resulta máis difícil de conseguiren mesmo a nivel parlamentario, polo que a transparencia sobre o proceso de execución orzamentario no Estado español, desagregado por CCAA, deixa moito que desexar. Unha




primeira aproximación podémola obter dos datos integrados nas memorias Anuais das actuacións da Administración Xeral do Estado en Galiza (Delegación do Goberno na Galiza), que reflectimos nesta Gráfica (se ben existan xa as Memorias correspondentes aos exercicios 2014 e 2015, das que non dispoño nestes intres). Aínda que para determinar o nivel de execución orzamentario deberíamos utilizar non os créditos iniciais senón os créditos definitivos (os anteriores máis todas as modificacións de diferente índole que sofren no proceso orzamentario, positivas ou negativas, e que en xeral levan a un valor superior), ao non dispor de información sobre os mesmos teremos que limitármolos a considerar a relación entre os créditos iniciais e os liquidados. No conxunto do período temporal contemplado o nivel de execución medio (% C. Liquidados/C. Iniciais) é do 77%, indicador da moita marxe existente, o que desvirtúa o debate sobre os investimentos contidos no proxecto de lei ou na lei correspondente, e da necesidade de buscaren fórmulas apropiadas que garantan a realización dos investimentos previstos. Porcentaxe de execución que sería inferior de o calcular, como é propio e científico, en relación cos créditos definitivos.

E recordemos ca sentenza do Tribunal Constitucional sobre o *Estatut* non fai, nin sequera en relación con isto, a máis mínima concesión. E así a Disposición adicional 3ª, apartado 1, que se refire ao volume de investimentos co Estado debería executar en Catalunya “*non pode ter, en modo ningún, como agora se verá, efectos directamente vinculantes para o Estado*”. Desta maneira, a tal Disposición “*debe, pois interpretarse no sentido de que non vincula ao Estado na definición da súa política de investimentos, nin menoscaba a plena liberdade das Cortes Xerais cara decidiren sobre a existencia e contía dos investimentos devanditos*”. Ou sexa, cos Estatutos inclúan o que lles pete, que iso non serve ren, algo que xa coñecemos ben. Pois como asevera a sentenza noutro apartado “*Os Estatutos de Autonomía son normas subordinadas á CE, como corresponde a disposicións normativas que non son expresión dun poder soberano, senón dunha autonomía fundamentada na CE, e por ela garantida, para o exercicio da potestade legislativa no marco da CE mesma*”. Porén, os orzamentos de 2012, elaborados polo PP, van ser os primeiros en que no Informe Económico Financeiro correspondente, no capítulo de distribución territorial do investimento, non aparece descrición ningunha de como os investimentos daquelas CCAA que aprobaran

ultimamente os seus novos Estatutos, non só Catalunya, se axustaban ás prescricións desas normas xurídicas. O que por suposto continúa desde ese ano cara adiante. Nin sequera iso, malia o consabido principio de transparencia orzamentaria, e non só. E certamente, o volume de investimento que se asignaba, e asigna a esas CCAA nos OXE, incluído o de 2017, nada ten a ver con ilo. A España *cañí* despregando todo o seu “esplendor”.

Tamén contamos coa información subministrada polos Anuarios do Ministerio de Fomento que inclúe asemade unha grande parte dos investimentos de carácter medioambiental (MARM) e das memorias do Ministerio de Agricultura para as infraestruturas agrarias, sobre cuxa base a gráfica seguinte nos indica a evolución da participación galega nos investimentos liquidados sinalados, que poñen de manifesto o notábel incremento experimentado após do exercicio 2006, como froito dos acordos alcanzados polo BNG no Congreso dos Deputados, aos que antes nos referimos, alcanzándose o seu máximo no 2009, con 1.873,1 M€.



Pola contra, ben diferente é a situación que se produce coa chegada á Xunta do PP en 2009, e no Estado a fins de 2011, cunha evolución definida por un devalar profundo que se continuará polos menos nos anos 2016 e 2017, como confirmarán as liquidacións correspondentes, de tal maneira que estamos camiñando aceleradamente cara unha situación equivalente á pre-*Prestige*.

Tamén, a Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE, nas siglas españolas) viña publicando os créditos liquidados mais só os correspondentes ao Estado e a seus Organismos de diverso tipo, mais non así do Sector Público Empresarial, que como sabemos, leva a cabo as infraestruturas básicas, de elevada contía e importancia económica e para o emprego. Afortunadamente isto mudou, e así no ano 2015, agás o caso da liquidación da Seguraza Social –que podemos coñecer a nivel estatal, mais non a nivel de CCAA–, temos subministrada polo IGAE a liquidación orzamentaria por CCAA (os investimentos da SS na Galiza e, en xeral, son moi cativos, se temos en conta que, a nivel estatal, totalizan arredor dos 200 M€).



				S/OXE 2015	
AXENTE INVESTIDOR	C. INICIAIS	C. LIQUID.	%CL/CI	C. INIC.(1)	%
AXE	175,964	167,932	95,44		
OOAA, AAEE e Outros OOPP	25,463	48,927	192,15		
Entidades do SPA c/O. Limitativo	0,180	0,149	82,78		
<b>SPA - Sector Público Administrat. (*)</b>	<b>201,607</b>	<b>217,008</b>	<b>107,64</b>	<b>226,242</b>	<b>95,92</b>
SPEmpresarial	1.153,894	646,336	56,01	1.153,894	
<b>TOTAL OXE 2015 (*)</b>	<b>1.355,501</b>	<b>863,344</b>	<b>63,69</b>	<b>1.380,136</b>	<b>62,55</b>
<b>(*) Sen os investimentos da Seguranza Social, que son mínimos na Galiza:</b>					
<b>5,231 M€ en Créditos iniciais neste ano 2015</b>					
<b>(1) Créditos Iniciais Aprobados nos Orzamentos do ano 2015</b>				<b>CI Minister.</b>	<b>%</b>
Consello Xeral do Poder Xudicial		0,005			
Mº de Xustiza		0,279			
Mº de Defensa		6,959		0,007	99419,72
Mº de Facenda e AAPP		6,764		4,802	140,85
Mº de Interior	1,774	1,797	101,32	1,774	101,29
Mº de Fomento	159,231	128,744	80,85	159,354	80,79
Mº de Educación, Cultura e Deporte		0,018		7,518	0,24
Mº de Emprego e SS		0,211			
Mº de Industria, Enerxía e Turismo		0,073		0,163	44,71
Mº de Agric., Aliment. e MA	14,579	22,930	157,28	24,858	92,25
Mº de Economía e Competitividade		0,001		0,018	8,19
Gastos Diversos Ministerios	0,380	0,150	39,45	0,38	39,48
<b>AXE</b>	<b>175,964</b>	<b>167,932</b>	<b>95,44</b>	<b>198,874</b>	<b>84,44</b>
				<b>Diferenza OXE e IGAE</b>	<b>30,942</b>
				<b>CI APROB.</b>	
ADIF - Alta velocidade	702,490	277,912	39,56	702,490	39,56
ADIF (Adm. Infraestruturas Ferroviarias)	24,148	37,136	153,78	24,148	153,78
ACUAES	145,218	160,818	110,74	145,218	110,74
APARCADORIOS SOTERRADOS DE VIGO, S.L.		0,017		0,000	
CESCE		0,007		0,000	
CONSORCIO COMP. SEGUROS (CCS)		0,001		0,000	
CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO	33,931	4,466	13,16	33,931	13,16
CRTVE		0,037		0,000	
ENAIRES (Aeroportos)	30,895	23,564	76,27	30,895	76,27
CETAL	0,750	0,117	15,60	0,750	15,60
FUNDACIÓN ESP. CIENCIA E TECNOLOXÍA		0,003		0,000	
LOGIRAIL, S.A.		0,044		0,000	
PORTOS DO ESTADO	108,077	76,468	70,75	108,077	70,75
RENFE-OPERADORA	18,959	0,343	1,81	18,959	1,81
SIEPSA	1,436	0,215	14,95	1,436	14,95
SASEMAR	72,061	0,450	0,62	0,000	
SEITTS	15,923	53,739	337,49	72,061	74,57
SEPI		10,982		15,923	68,97
VIGO ACTIVO	0,006	0,018	300,00	0,006	300,00
<b>TOTAL SPEMPRESARIAL</b>	<b>1.153,894</b>	<b>646,336</b>	<b>56,01</b>	<b>1.153,894</b>	<b>56,01</b>

Os créditos iniciais referidos ao Sector Público Administrativo (agás a Seguranza Social) que considera o IGAE difiren, como pode verse neste cadro, dos créditos iniciais aprobados no Congreso, de maneira que sobreavala neste sector o nivel de execución (107,6%), fronte ao 96%, que resulta de tomar como sería procedente os créditos iniciais aprobados. Ademais ese nivel de execución xurde da comparanza entre os créditos liquidados e os iniciais, cando o nivel de execución se calcula por comparanza entre os créditos liquidados e os Definitivos, que parece moi raro que non coñeza o IGAE. De o facer a respecto destes últimos créditos (7.392 M€, fronte aos 4.959,4 M€ de créditos iniciais aprobados, incluída a SS, a nivel estatal), o nivel de execución no SPA se reduciría notabelmente. Mais así é como funcionan todos os organismos 'de control'

españóis. Tamén observamos diferencias, de grao menor, no caso dos créditos iniciais dos Ministerios, en relación co dos orzamentos aprobados. En todo caso o relevante dos investimentos na Galiza, nin en ningunha das outras CCAA está a nivel do SPA. No caso do Sector Público Empresarial, os créditos iniciais totais coinciden exactamente, mais existe un erro, nos dados da IGAE ou dos Orzamentos Aprobados (que neste caso non cremos sexa o caso) xa que asigna á sociedade SASEMAR –de seguranza marítima– un volume de crédito inicial exaxerado (72,1 M€) que, realmente corresponde aos investimentos a realizar pola SEITTS –en infraestruturas de transporte–, como indican os OXE aprobados, sendo nulo, neste ano o de SASEMAR.

Malia as consideracións postas de manifesto, que, a efectos prácticos, non parecen de gravidade, aínda que resulta sorprendente que teñan lugar por parte dun organismo como a IGAE, vemos que na Galiza, o nivel de execución do conxunto dos investimentos do SPC (sen a SS) sitúase pouco por riba do 60 por cento. E de utilizar, como sería correcto os créditos definitivos, aínda sería menor. Como resume, vemos que, dos créditos iniciais aprobados polos OXE de 2015, para Galiza (sen a SS) de 1.380,1 M€, os créditos liquidados, correspondentes a todos os ministerios, organismos e empresas públicas, son unicamente de 863,3 M€, que, como se ve, corresponden moi ben coa cifra de investimento en infraestruturas produtivas para este ano 2015, que obtemos do Anuario do Ministerio de Fomento. Desde o punto de vista democrático, esta situación que se reitera de xeito teimudo, fai que o debate da 'Lei máis importante de cada ano', da lei de Orzamentos, quede completamente deturpado. Unha mostra máis da seriedade do Estado no que estamos inxeridos á forza, nun estado de desacougo e impotencia, coutándose as nosas posibilidades reais de desenvolvemento para beneficio das elites parasitarias e improdutivas

que abafan e sosteñen ao Reino español, e que as forzas políticas estatais, malia os matices, teñen por misión primeira defender, como o xa longo período democrático-formal transcorrido tennos posto de manifesto.

Finalmente en relación con isto, e tendo en conta que os diferentes investimentos públicos están sometidos a un trámite regrado que pode abranguer desde os estudos informativos a construtivos, desde a licitación á adxudicación da obra correspondente, como variábeis *proxy* dos investimentos liquidados temos as cifras referidas á Licitación e Adxudicación de Obra publicadas polo Ministerio de Fomento, cuxo resumo ofrecemos a continuación, e que son indicativas do moito traballo que hai de enfrontar aínda, se os investimentos anunciados, os iniciais, han de se corresponder cos liquidados para desta maneira cumprirse os prazos de execución dos grandes proxectos estratéxicos para o país e superaren a situación anormal que Galiza vén padecendo neste eido desde vellos tempos, e para por riba, terlles que estaren “eternamente” agradecidos!.

ACTUACIÓNS NA GALIZA (FONTE: Ministerio de Fomento) - M€							
ANO	LICITACIÓN			ADXUDICACIÓNS DE OBRA			
	AA.PP.	SPC	EE.TT.	G. FOMTO.	G. FOMTO. M <sup>o</sup> +OOAA	SPEMP	
2000	643,75	300,12	343,63	258,20			
2001	991,08	435,45	555,63	360,58			
2002	1.188,99	424,33	764,66	363,79	218,14	209,15	8,99
2003	1.464,44	837,54	626,90	570,20	311,76	269,96	41,80
2004	2.293,21	1.594,48	698,73	1.490,18	832,31	87,31	745,00
2005	1.767,95	901,16	866,79	769,67	585,56	117,85	467,71
2006	2.249,51	1.351,66	897,85	1.127,18	929,02	690,52	238,49
2007	2.221,35	1.186,68	1.034,67	1.044,27	808,61	578,62	229,99
2008	2.663,57	1.319,32	1.343,89	1.281,58	812,81	715,21	97,60
2009	2.410,93	1.455,21	955,73	1.336,74	542,07	213,75	328,55
2010	1.176,01	400,24	775,78	357,55	994,36	174,69	819,67
2011	1.342,23	964,09	378,15	929,80	247,92	82,65	165,27
2012	1.031,71	918,03	113,67	908,10	1.176,20	0,00	1.176,20
2013	445,33	190,73	254,60	132,14	90,21	12,38	77,84
2014	426,41	143,58	282,83	129,36	88,96	2,89	86,06
2015	672,69	367,25	305,44	290,75	210,71	93,33	117,38
2016	782,11	495,01	287,10	470,82	62,96	4,21	58,76

AA.PP. = Conxunto das Administracións Públicas (SPC + EE.TT.)  
 SPC = Sector Público Central  
 EE.TT. = Xunta + Deputacións + Concellos  
 G. FOMTO = Grupo Fomento (Ministerio + O. Autónomos + Empresas)  
 SPEMP = Empresas Públicas do G. Fomento

ADXUDICACIÓNS DE OBRA NA GALIZA - EMPRESAS GRUPO FOMENTO (M€)							
	AENA	PORTOS	RENFE OP.	FEVE	ADIF	SEITSA	RESTO
2002	0,08	0,00	1,79	0,00	0,00	0,00	3,29
2003	5,65	6,90	16,56	0,46	0,00	0,00	12,23
2004	10,35	26,10	26,92	0,76	676,06	0,00	4,81
2005	13,15	442,16	4,94	1,69	4,33	0,00	1,43
2006	9,17	18,46	0,27	9,31	196,95	0,00	4,34
2007	108,83	42,51	0,00	0,83	33,12	44,29	0,41
2008	2,97	51,70	0,33	3,72	12,97	25,27	0,64
2009	40,91	104,52	0,13	1,06	181,69	0,00	0,23
2010	80,77	26,09	0,12	0,70	554,64	157,07	0,29
2011	83,70	5,65	0,00	0,08	75,84	0,00	0,00
2012	0,48	40,87	0,00	0,53	1.134,33	0,00	0,00
2013	2,88	29,47	0,06	0,00	45,43	0,00	0,00
2014	2,63	80,27	0,00	0,00	3,16	0,00	0,00
2015	3,63	42,84	1,90	0,00	69,02	0,00	0,00
2016	1,57	8,16	0,00	0,00	35,30	13,53	0,00

## A ESTRUCTURA ECONÓMICA DO INVESTIMENTO

Hai que considerar tamén que os diferentes proxectos investidores non compren a mesma función nin teñen a mesma incidencia sobre a nosa economía. Neste sentido debemos distinguir ademais da grande división entre

investimentos civís e militares, a división entre os investimentos en **infraestruturas e equipamentos** (novos e de reposición) nos que ocupa un lugar moi relevante o conxunto das infraestruturas **produtivas e sociais**; entre aqueles investimentos necesarios para un adecuado **funcionamento dos servizos periféricos** da Administración Central na Galiza (novos e de reposición); e dos investimentos de carácter **inmaterial** (estudos, proxectos, asistencia técnica, ...). Os documentos orzamentarios subministran información completa sobre estas cuestións no ámbito do Sector Público Administrativo (Ministerios, Organismos Autónomos, Axencias Estatais, Outros Organismos Públicos e a Seguranza Social), sen incluíren o Sector Público Empresarial, aínda que neste caso unha grande parte dos investimentos na Galiza corresponde con actuacións novas e de reposición en infraestruturas e bens de uso xeral. O cadro seguinte resume a situación para Galiza do proxecto de lei dos OXE de 2017.

<b>S. PÚBLICO ADMINISTRATIVO</b>	<b>2016</b>	<b>2017</b>	<b>Δ M€</b>	<b>%</b>	<b>% G/E</b>
<i>Investimento MILITAR</i>	0.01	2.01	-5.989	-96.2	0,09
<b>Investimento CIVIL</b>	<b>270.05</b>	<b>225.59</b>	<b>-44.46</b>	<b>-16.5</b>	<b>5.2</b>
<i>En Infraest. e bens de uso xeral</i>	234.45	192.71	-41.74	-17.8	
<i>Para o Funcionamento Servizos</i>	27.35	25.56	-1.80	-6.6	
<i>Inmateriais</i>	8.25	7.32	-0.94	-11.4	
<i>Pro-Memoria</i>					
<b>S. PÚBLICO EMPRESARIAL (1)</b>	<b>1097.13</b>	<b>697.05</b>	<b>-400.08</b>	<b>-36.5</b>	<b>7.2</b>

(1) Inclúe Entidades do Sector Público Administrativo e Fondos sen personalidade xurídica.

Como vemos, os investimentos de carácter militar manteñen una presenza simbólica, desaparecendo case practicamente, mentres cos investimentos de carácter civil se reducen nun 17 por cento, oscilando entre o 18 por cento no apartado de infraestruturas, o 7 por cento no funcionamento dos servizos periféricos da AXE na Galiza e o 11 por cento no caso dos investimentos inmateriais. Significando os investimentos totais na Galiza (924,6 M€) o 7,2 por cento dos totais do Sector Público Central (12.867,5 M€), isto pon de manifesto unha caída de 3,1 puntos porcentuais en relación co exercicio anterior, mentres que no ámbito do Sector Público Administrativo, esta diminución atinxe a 'unicamente' 1,8 puntos porcentuais.

## A PROGRAMACIÓN PLURIANUAL

Por outra parte, resulta obvio que os investimentos dun ano dado veñen condicionados pola continuación dos proxectos en execución ou procedentes do(s) exercicio(s) anterior(es). Algúns rematan no ano anterior e non aparecen, por tanto, no exercicio en curso. Outros, corresponden a proxectos anteriores sen finalizar, o que non quer dicir que o investimento no exercicio en curso non sexa novo no senso que vimos na sección anterior. Outros, pola contra, xorden como proxectos novos no presente exercicio. Como sabemos a documentación orzamentaria inclúe as dotacións (en créditos iniciais) do orzamento **aprobado** no ano anterior<sup>4</sup>, as dotacións do exercicio ao que se refire o proxecto de lei, así como unha estimación da programación plurianual prevista para os tres anos seguintes. Vexamos entón a comparanza entre a previsión de investimento que na lei dos OXE para o ano 2016 se facía para o ano 2017, co investimento que neste ano anuncia o proxecto de lei correspondente.

<b>PREVISIÓN DE INVERSIÓN NO ANO 2017 (M€)</b>			
<b>ÁMBITO</b>	<b>LEI 2016</b>	<b>P.LEI 2017</b>	<b>DIFZA.</b>
<i>Ministerios, OO.AA., AA.EE. e OOPP</i>	304.001	215.610	<b>-88.391</b>
<i>Seguranza Social</i>	10.125	11.981	<b>1.856</b>
<i>Sector Público Empresarial</i>	250.780	696.035	<b>445.255</b>
<i>EE do SPA e Fondos s/p.x.</i>	0.000	1.018	<b>1.018</b>
<b>TOTAL (S. PÚBLICO CENTRAL)</b>	<b>564.906</b>	<b>924.644</b>	<b>359.738</b>

Como vemos o volume total dos investimentos na Galiza segundo o proxecto de lei de orzamentos para 2017 é, curiosamente, ben superior á previsión que para este ano facía a Lei dos OXE do ano anterior, como consecuencia da composición entre a diminución prevista no conxunto do SPA (-86,5 M€) e o elevado incremento no SPE, a respecto das previsións que para el se facían no ano 2016, de 445,3 M€. Parece claro que

<sup>4</sup> No caso do Sector Público Empresarial estas dotacións non son os créditos iniciais senón a previsión do investimento **liquidado**, realizada a esa altura do tempo de presentación dos orzamentos do ano seguinte.



semellante discordancia non fala demasiado ben da capacidade previsora dos elaboradores orzamentarios, ou como se fan os orzamentos dunha maneira que ten a ver con calquera cousa menos coa realidade orzamentaria. Ou o que ben sendo o mesmo, os orzamentos postos ao servizo da *politiquería* pura e dura.

A corrección do investimento previsto nestes ámbitos sinalados pode servir como un certo indicador cara as emendas parciais a presentar en relación cos proxectos de investimento e as dotacións correspondentes que debería abranguer a Lei de orzamentos estatais en 2017 para Galiza, cara cubriren as carencias detectadas nos diferentes ministerios ou empresas públicas.

<b>Previsión Invest. en 2018 s/PL dos OXE 2017</b>	
<b>ÁMBITO</b>	<b>M€</b>
Ministerios, OAAA, AAEE e OOPP	316.548
Seguranza Social	8.280
Sector Público Empresarial	345.672
Entidades do SPA e fondos s/p.x.	0.000
<b>TOTAL (S. PÚBLICO CENTRAL)</b>	<b>670.500</b>
Militar	17.013
Civil	653.487

De forma equivalente, a programación plurianual integrada neste proxecto de lei dos OXE de 2017 achega como dotacións para o vindeiro exercicio, 2018, como necesidade da continuación dos proxectos que contén, as indicadas neste Cadro. E como sempre, estas son as cifras indicativas nas que debería centrarse a atención na discusión dos orzamentos estatais vindeiros, cando sexan presentados, para a súa comparanza. Ás que habería que engadir os proxectos nados en 2018 que, obviamente, non poden formar parte da programación plurianual que consideramos (OXE 2017). Ademais, haberá que ter en conta as cifras finalmente **aprobadas** nas Cortes do Estado, no trámite que converte o proxecto de lei en lei.

## O INCREMENTO DO INVESTIMENTO NOS DIFERENTES MINISTERIOS E EMPRESAS PÚBLICAS

<b>MINISTERIO</b>	<b>SP Admin.</b>	<b>SPE</b>	<b>TOTAL</b>
Fomento	174.952	616.805	<b>791.757</b>
MAPAMA	24.984	21.215	<b>46.199</b>
Resto	27.655	59.033	<b>86.688</b>
<b>TOTAL</b>	<b>227.591</b>	<b>697.053</b>	<b>924.644</b>
<b>% Fomento</b>	<b>76.8</b>	<b>88.5</b>	<b>85.6</b>

O esencial do investimento na Galiza concéntrase no Ministerio de Fomento, e xa logo, a moita distancia do mesmo, o de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (MAPAMA) tal como nos mostra este Cadro, de maneira que entrambos significan case o 90,6% do investimento previsto para Galiza. En “Resto”, o Sector Público Administrativo inclúe os outros Ministerios e á Seguranza Social, e o Sector Público Empresarial ás Entidades do sector público administrativo e os Fondos sen personalidade xurídica, e o conxunto das outras empresas públicas non dependentes nin de Fomento nin do MAPAMA. Como vemos só a dotación nas empresas públicas que forman parte do Grupo Fomento equivalen ao 67% do investimento total, das que as actuacións previstas nas ADIF (infraestruturas ferroviarias) chegan a máis do 55% por si propias, en relación co que xa coñecemos.

Polo demais, o Cadro a continuación permítenos unha lectura rápida con relación á localización orgánica de onde se producen as variacións máis significativas no investimento previsto no proxecto de lei dos OXE de 2017 na Galiza, en relación co ano anterior.

MINISTERIO/EMPRESA	M€		
	PL-OXE 2017	Δ s/2016	Δ%
Defensa	2.013	2.000	
Facenda e AAPP	4.345	0.404	10.3
Interior	2.971	0.958	47.6
Fomento	174.952	-34.105	-16.3
D.X. ESTRADAS	171.636	-31.057	-15.3
S.E. INFRAEST. (Ferrocarril)	0.457	-0.163	-3.8
Educación, Cultura e Deporte	5.955	2.755	86.1
Industria, Enerxía e Turismo	0.165	0.000	0.0
Agricult., Aliment. e MA	24.984	-8.324	-25.0
Economía e Competitividade	.225	-2.496	-91.7
Diversos Ministerios	0.000	0.000	0.0
<b>AXE</b>	<b>215.610</b>	<b>-38.807</b>	<b>-15.3</b>
<b>SEGURANZA SOCIAL</b>	<b>11.981</b>	<b>-3.662</b>	<b>-23.4</b>
<b>SECTOR PÚBLICO EMPRESARIAL</b>	<b>696.035</b>	<b>-400.390</b>	<b>-36.5</b>
Ferrocarril (ADIF+ADIF AV)	512.434	-307.206	-37.5
RENFE-OPERADORA	15.280	-5.975	-28.1
Estradas (SEITSA)	6.604	-21.381	-76.4
Aeroportos (ENAIRES)	9.690	-2.303	-19.2
Portos (PORTOS DO ESTADO)	72.797	-32.050	-30.6
Saneamento (ACUAES)	21.065	-28.769	-57.7
SEPI	28.467	13.326	88.0
ZONA FRANCA VIGO	26.104	-11.975	-31.5
RESTO SOCIEDADES	6.594	-4.057	-53.0
<b>EE do SPA e Fondos s/p.x.</b>	<b>1.018</b>	<b>0.313</b>	<b>44.4</b>
<b>SECTOR PÚBLICO CENTRAL</b>	<b>924.644</b>	<b>-442.546</b>	<b>-32.4</b>

Vemos que case todos os ámbitos de investimento experimentan diminución, oscilando entre o 15.3% da AXE e o 36.5% do SPE. O único ámbito que experimenta medre, non ten significación cuantitativa, e se refire ás Entidades do SPA sen personalidade xurídica (Consortio da Cidade de Compostela, o CIBER, e o CUD na Escola Naval de Marín). Esta diminución, no ámbito dos Ministerios, provén esencialmente das caídas experimentadas en Fomento (moi especialmente no ámbito da construción de estradas, que significa a parte do león dos investimentos na Galiza por parte deste ministerio) e o MAPAMA, xa que o resto de ministerios teñen unha escasa significación cuantitativa, e de aí, que algúns deles (Facenda, Interior e Educación), experimenten taxas de crecemento elevadas. Os mesmos investimentos da Seguranza Social

experimentan unha diminución do 23,4 por cento. No ámbito do SPE, *todas as empresas públicas que teñen previsto realizar algún investimento na Galiza experimentan, asemade, diminución a excepción das actuacións da SEPI, que experimentan unha forte taxa de crecemento, relacionada cos investimentos na empresa NAVANTIA (uns 25 millóns de euros)*. Obviamente, é a forte redución neste ámbito, que ten a ver coa realización dos proxectos de infraestruturas produtivas máis importantes para o país, dos lados cuantitativo e cualitativo, e que producen un maior impacto sobre a súa economía e emprego, as que móstranse como un indicador chave da incapacidade da Xunta e do seu Presidente, que, axiña, terá que aprestarse a asinar un novo “Protocolo” co Ministro de Fomento de quenda, para que se continúen adiando case eternamente, como veremos máis adiante. Nos Anexos, se poden analizar polo miúdo, cada unha das actuacións de investimento que o SPC prevé realizaren na Galiza neste exercicio no que, recordemos, de momento, están prorrogados os orzamentos do pasado ano, 2016, até que, aló polo mes de xuño, obteña aprobación o proxecto de lei agora presentado. Si é que realmente a obteñen, pois noutro caso seguramente teríamos que nos ver enfrontados a un proceso electoral máis de ámbito estatal.

## AS INFRAESTRUTURAS PRODUTIVAS NOS OXE DE 2017

O Cadro a continuación amósanos a desagregación dos investimentos contidos no proxecto de lei dos OXE de 2017 para as diferentes infraestruturas **produtivas** estritamente tais (estradas, ferrocarril, portos, aeroportos, hidráulicas, actuacións medioambientais, infraestruturas agrarias e outras), cuxa importancia é moi relevante cara

o desenvolvemento económico, a mellora da produtividade e o benestar. Obviamente, dentro dos camiños de

GALIZA	INFRAESTRUTURAS POR TIPO								AGRICOLAS	TOTAL
	CAMIÑOS	PORTOS	AERO-	HIDRÁU-	MEDIO AM-	OUTRAS	SUBTOTAL	AGRICOLAS		
Axente Investidor	ESTRADAS	FERRO	S.MARIT.	PORTOS	LICAS	BIENTAIS	OUTRAS	SUBTOTAL	AGRICOLAS	TOTAL
Mº de Fomento	171,636	0,457	0,010	0,000			0,000	172,103		172,103
SEITTTSA	6,604	0,000						6,604		6,604
ADIF-Alta Velocidad		481,335						481,335		481,335
ADIF-Admin. Infraestr. Ferroviarias		31,099						31,099		31,099
PORTOS DO ESTADO			72,797					72,797		72,797
ENAIRES (GRUPO)				9,690				9,690		9,690
MAAMA					17,901	6,504	0,000	24,405		24,405
SOCIEDADES DE AUGAS					21,065			21,065		21,065
SEIASAS								0,000	0,000	0,000
COMARCAS MINEIRAS							0,000	0,000	0,000	0,000
OUTRAS SOCIEDADES							0,000	0,000	0,000	0,000
<b>TOTAL INFRAESTRUTURAS</b>	<b>178,240</b>	<b>512,891</b>	<b>72,807</b>	<b>9,690</b>	<b>38,966</b>	<b>6,504</b>	<b>0,000</b>	<b>819,098</b>	<b>0,000</b>	<b>819,098</b>
<b>IDEM LEI 2016</b>	<b>230,678</b>	<b>820,260</b>	<b>104,857</b>	<b>11,993</b>	<b>71,598</b>	<b>11,223</b>	<b>0,000</b>	<b>1.250,609</b>	<b>0,000</b>	<b>1.250,609</b>
<b>Δ% 2017/2016</b>	<b>-22,73</b>	<b>-37,47</b>	<b>-30,57</b>	<b>-19,20</b>	<b>-45,58</b>	<b>-42,05</b>		<b>-34,50</b>		<b>-34,50</b>
<b>% GALIZA / ESTADO</b>	<b>9,30</b>	<b>16,78</b>	<b>8,40</b>	<b>1,58</b>	<b>4,72</b>	<b>3,07</b>	<b>0,00</b>	<b>10,86</b>	<b>0,00</b>	<b>10,83</b>

ferro, non se inclúen aquí os investimentos que realiza a sociedade RENFE-OPERADORA por non realizaren actuacións nas infraestruturas ferroviarias, senón no necesario para o seu funcionamento como transportista ferroviario. Tal investimento alcanza no ano 2017 os 345.639, totalmente rexionalizado (dos que 15,28 M€ corresponden a Galiza, nunha morea de actuacións en obras de carácter menor).

Observamos que Galiza, con investimento previsto en infraestruturas de 819,1 M€ no ano 2017, experimenta diminución en relación co exercicio anterior dun 34,5%, ben superior a do conxunto do SPC (-21,1%). Este comportamento leva a caída na participación a respecto do SPC ao 10,9%, desde o 13% do exercicio anterior. Mesmo esta participación á baixa é resultado esencial do importante peso que aínda –malia os recortes, como se pode contemplar nas elevadas taxas de diminución experimentadas en todos os ámbitos das infraestruturas produtivas—mantén Galiza no ámbito dos camiños de ferro (16,7%), polo que o nivel de execución dos investimentos previstos neste ámbito (512,9 M€) vai resultar crucial na realidade. Recordemos que na liquidación orzamentaria do exercicio 2015, levada a cabo pola IGAE, sobre uns créditos iniciais aprobados de 702,49 M€, a empresa pública ADIF – Alta velocidade só executou realmente 277,9 M€, polo que o nivel de execución non alcanzou nin sequera o 40 por cento.

## AS ACTUACIÓNS NOS CAMIÑOS DE FERRO PREVISTAS NO PROXECTO ORZAMENTARIO PARA 2017

A dotación das actuacións previstas realizar no ano 2017 segundo o contido dos OXE resúmese no Cadro a continuación, reflectindo un exemplo fiel, expresión do que acontece coas cuestións de relevancia a desenvolver polo Estado na Galiza, poñendo de manifesto o seu nulo interese en resolver as carencias básicas que nos afectan.

Quizais por iso sexa oportuno un breve recordatorio histórico a respecto da vulneración reiterada mesmo de acordos aprobados tanto no Congreso de Deputados como no Parlamento galego. Lembremos que froito da dinámica política e social creada na Galiza após da catástrofe do *Prestige*, no ano 2003, definíranse unha serie de infraestruturas de transporte terrestre, que veñen sendo motivo de debate recorrente desde aquela. O propio goberno galego de entón definía unha programación plurianual das mesmas *con un horizonte temporal situado no ano 2015, tal como se indica no Cadro a continuación:*

<i>PREVISIONS DA XUNTA A RESPECTO DOS CAMIÑOS DE FERRO (2003)</i>	
<i>ACTUACIÓN</i>	<i>PREV. FINAL ORZAMENT.</i>
<i>De Acurtamento de Prazos:</i>	
Eixo Atlántico	2008
Ourense – Compostela	2009
Lubián – Ourense	2010
Ourense – Lugo	2010
Ourense – Vigo (por Cerdedo)	2010
<i>Novas:</i>	
Ferrol - Bilbo	2015
Ponferrada – Monforte	2015
Lugo – A Coruña	2015

E, da mesma maneira, en xullo de 2004<sup>5</sup> aprobábase no Parlamento galego unha Resolución que, entre outras cousas, establecía a súa posición sobre a dotación necesaria nos OXE do 2005 para afrontar estas actuacións, de maneira que *‘nos orzamentos dos anos seguintes, figure a cobertura orzamentaria necesaria para que se completen as actuacións nos prazos fixados polo acordo do Congreso de Deputados de 22 de xuño de 2004:*

*En materia de alta velocidade.*

<i>AVE Eixo – Atlántico</i>	<i>2007</i>
<i>AVE Santiago – Ourense</i>	<i>2009</i>
<i>AVE Ourense – Lugo</i>	<i>2009</i>
<i>AVE Vigo – Ourense (por Cerdedo)</i>	<i>2009</i>
<i>AVE Lubián – Ourense</i>	<i>2009</i>
<i>AVE Corredor Cantábrico</i>	<i>2012-14</i>
<i>AVE Lugo – A Coruña</i>	<i>2012-14</i>
<i>AVE Ponferrada – Monforte</i>	<i>2012-14</i>
<i>AVE Ferrol – A Coruña</i>	<i>2009</i>
<i>AVE Vigo – Fronteira portuguesa</i>	<i>2009”</i>

Malia o uso abusivo da verba AVE, en sentido estrito, o mesmo BNG levara a cabo unha programación plurianual para o conxunto destas infraestruturas de transporte que situaba o horizonte temporal de finalización das mesmas no ano 2012, mais que, sintomaticamente, non recibiu aprobación no Parlamento galego, dada a negativa conxunta tanto do PP como do PSOE, facendo o seu papel de sempre para coa Galiza que tanto queren nos momentos electorais.

Mais a propia evidencia da execución orzamentaria dá-lle as costas con toda evidencia ás afirmacións reiteradas nos momentos electorais. Case esperpéntico foran as diferenzas mostradas sobre a data de remate

<sup>5</sup> Gobernando no Estado o PSOE e sendo Nuñez Feijoo o Conselleiro de Política Territorial da Xunta, en substitución de Cuiña, que fóra cesado por Fraga de maneira fulminante, por non concordar coa política que se levaba a cabo a respecto da situación creada polo afundimento do *Prestige*, que provocara unha crise tal, que os partidos da oposición presentaron unha moción de censura, certa e sorprendentemente, dun xeito *in extremis* por parte do BNG, dada a teimuda e “irracional” oposición do entón portavoz do grupo, após do seu “amorío platónico-fraguiano” por un tan rotundo “esquerdista” –e hoxe felizmente rematado o seu camiño particular de regreso a súa ansiada ltaca españolista –, tendo que ser obrigado por unha reunión de máxima urxencia do Consello Nacional desa forza política.



destas actuacións que tiveron lugar entre persoeiros do PSOE autóctono no momento mesmo de se celebraren as eleccións galegas (2009) que levarían a Nuñez Feijoo á Presidencia da Xunta.

Destá maneira, as condicións obxectivas estaban completamente maduras para que se chegase inmediatamente a un acordo político entre os dous “galegos”, o Ministro de Fomento e o Presidente da Xunta, para o adiamento na realización das infraestruturas ferroviarias, até, como mínimo “*ao arredor do ano 2015*”, todo ilo consumado sob a fórmula duns simples **Protocolo** “*sobre o desenvolvemento da rede ferroviaria de alta velocidade*” que como se sabe non é senón a expresión dun acordo político sen obriga xurídica ningunha. Neste, dentro do seu contido xeral, o M<sup>o</sup> de Fomento afirma nada menos que ten como “*unha das súas prioridades o impulso da chegada da Alta Velocidade a Galiza*”<sup>6</sup>. Por outra parte, tal Protocolo vén a ratificaren a posición do goberno central a respecto do Corredor Cantábrico, que logo de permanecer nos orzamentos vexetando no limbo dos consabidos estudos, a partires do ano 2007 xa se fixera desaparecer dos mesmos, e aínda non parecer esta, unha actuación prioritaria (por mais que a algún lle parecía que desde unha perspectiva galega, puidese ser ben máis importante e relevante economicamente que “a conexión coa meseta”), non é menos evidente que, desde o punto de vista político, supón unha mutación cualitativa (e anti-democrática) a respecto do compromiso realizado no seu día no Congreso dos deputados, e mesmo en relación co realizado polo goberno central do PSOE en relación coa súa inclusión no ámbito das actuacións ferroviarias galegas a integrar no PEIT (o novo plan de infraestruturas estatal), por non mencionar aos “inventores” da mesma, no seu día o goberno central do PP, obviamente fervorosamente apoiado pola Xunta de Galiza. Ademais, na práctica, o Protocolo vén a limitar o Eixo Atlántico á conexión entre as cidades da Coruña e Vigo, quedando fóra de tal eixo (!! ) tanto Ferrol-A Coruña, como Vigo-Fronteira portuguesa, de tal maneira que a macro-rexión comunitaria do Arco Atlántico, queda capada no seu tramo do Eixo Atlántico, non se sabe se por causa dos espazos excluídos pertenceren ao Mediterráneo, que pode ser, ou mellor, por non existiren unha “España Atlántica”, para satisfacción de moitos máis dos que parece. E é que a xeografía é na Galiza unha das disciplinas máis asoballadas, como nos demostra a caso relevante da chamada Autovía do Cantábrico (A-8) que, xusto cando penetra noso país, faino cara o seu interior, que por aí debe andaren o Cantábrico seguramente. Con isto non se está a negar a necesidade da infraestrutura existente, mais quizais sería máis decoroso darlle unha denominación máis atinada.

Non debería ser necesario indicar que, aínda a estas alturas do tempo se anda coa liorta estúpida da data de remate, demostrándose a moita paciencia que temos os galegos: se o 2018, se o 2020, se o ... .

Como se sabe estas actuacións ferroviarias lévanse a cabo, agora, e aquí na Galiza, tanto polo Ministerio de Fomento (a través da súa Secretaría Xeral de Infraestruturas, Transportes e Vivenda), e polas empresas públicas ADIF-Alta Velocidade (o verdadeiro xestor da construción destas actuacións) e a ADIF (o administrador das infraestruturas ferroviarias). Tamén a empresa pública RENFE-Operadora (que xunta coa ADIF absorberon a FEVE) realiza investimentos na Galiza, en tanto que operadora.

Como vemos no Cadro da páxina seguinte, os investimentos do Ministerio son mínimos, e teñen a ver con estudos de actuacións máis que estudadas, e con actuacións relacionadas coa chegada do ferrocarril aos portos exteriores de A Coruña e Ferrol, que van para longo, e outras pequenas actuacións que figuran polo único motivo de contar cunha pequena dotación no pasado exercicio. En total o investimento previsto en 2017 é de 0,46 M€, e con isto todo debería estaren dito. Mais obsérvese como o “AVE” Ferrol – A Coruña, convértese na realización dunha variante en Betanzos, dotada con 0,05M€, e que se vai alongar até o ano 2019, con datacións mínimas, segundo este proxecto de lei. Tamén aparece como actuación “nova” o Eixo Atlántico

---

<sup>6</sup> Unha verdade xa daquela incríbel, en base a pobre execución orzamentaria realizada, e evidente, sen mais que observar os orzamentos do estado do ano 2012.

agora Tramo Vigo – Fronteira portuguesa. Obra, con dotación de 0,1 M€ e 0,2 M€ nos anos 2017 e 2018 respectivamente, o que mais ben parece unha broma. Mais deste xeito volvemos as ilusións útiles, segundo cren algúns, empeñados a todo trazo en lle tomar o pelo aos galegos, que parecer terse constituído no seu deporte favorito.

O importante destas actuacións se concentra, como dixemos, na empresa pública ADIF-Alta velocidade, que ten previsto investir no ano 2017, 486,79 M€, que como vemos, significa unha parte moi importante da

DENOMINACIÓN PROXECTO	DATAS				Programación Plurianual						M€	Δ%
	INIC.	FINAL	Pr.	C. Total	L-2016	PL-2017	2018	2019	2020			
<b>60. NOVO. INFRAESTRUTURAS E BENS</b>												
L.A.V. OURENSE-LUGO	2005	2019	32	3,17	0,05	0,10	0,10	0,10	0,00	0,05	100,0	
A CORUÑA-FERROL. VARIANTE BETANZOS	2016	2019	15	0,50	0,00	0,05	0,05	0,40	0,00	0,05		
L.A.V. OURENSE-VIGO	2005	2017	32	1,73	0,15	0,03	0,00	0,00	0,00	-0,11	-76,9	
L.A.V. OURENSE-LUGO	2005	2019	27	3,17	0,05	0,10	0,10	0,10	0,00	0,05	100,0	
L.A.V. LUGO-A CORUÑA (ESTUDIOS)	2003	2016	27	0,37	0,03	0,00	0,00	0,00	0,00	-0,03		
L.A.V. LUGO-A CORUÑA (ESTUDIOS)	2003	2016	15	0,37	0,03	0,00	0,00	0,00	0,00	-0,03		
L.A.V. PONFERRADA-MONFORTE (ESTUDIOS)	2003	2016	32	0,00	0,02	0,00	0,00	0,00	0,00	-0,02		
L.A.V. PONFERRADA-MONFORTE (ESTUDIOS)	2003	2016	27	0,50	0,02	0,00	0,00	0,00	0,00	-0,02		
CONEXIÓN FERROVIARIA DA CORUÑA CO PORTO EXTERIOR	2009	2017	15	0,52	0,05	0,03	0,00	0,00	0,00	-0,02	-32,7	
CONEXIÓN FERROVIARIA DE FERROL CO PORTO EXTERIOR DE FERROL	2009	2016	15	0,81	0,03	0,00	0,00	0,00	0,00	-0,03	-100,0	
EIXO ATLÁNTICO TRAMO VIGO - FRONTEIRA PORTUGUESA. OBRA	2008	2018	36	1,42	0,03	0,10	0,20	0,00	0,00	0,08	300,0	
L.A.V. OURENSE-VIGO	2005	2017	36	1,26	0,18	0,04	0,00	0,00	0,00	-0,14	-77,6	
<b>SUBTOTAL MF</b>	<b>2003</b>	<b>2019</b>		<b>13,79</b>	<b>0,62</b>	<b>0,46</b>	<b>0,45</b>	<b>0,60</b>	<b>0,00</b>	<b>-0,16</b>	<b>-26,3</b>	
OURENSE - VIGO POR CERDEDO	2017	2023	36	975,00	1,00	0,50	1,50	1,50	5,00	-0,50	-50,0	
EIXO ATLÁNTICO (A CORUÑA - VIGO)	2011	2020	15	174,96	0,25	8,04	28,18	20,00	18,00	7,79	3116,0	
EIXO ATLÁNTICO (A CORUÑA - VIGO)	2011	2020	36	693,40	20,75	9,96	2,64	0,00	0,00	-10,79	-52,0	
OURENSE - VIGO POR CERDEDO	2017	2023	32	975,00	0,00	0,50	1,50	1,50	5,00	0,50		
VARIANTE DE OURENSE	2017	2024	32	585,00	0,00	1,00	3,00	20,00	196,00	1,00		
L.A.V. GALIZA (OLMEDO-LUBIÁN-ORENSE) (*)	2009	2024	32	2.178,31	731,42	461,34	134,54	101,67	13,20	-270,09	-36,9	
<b>SUBTOTAL ADIF-AV</b>	<b>2009</b>	<b>2024</b>		<b>5.581,67</b>	<b>753,42</b>	<b>481,34</b>	<b>171,36</b>	<b>144,67</b>	<b>237,20</b>	<b>-272,09</b>	<b>-36,1</b>	
EIXO ATLÁNTICO (A CORUÑA - SANTIAGO)	2014	2018	15	14,43	5,72	3,00	5,75	0,00	0,00	-2,72	-47,6	
ELECTRIFICACIÓN A 25.000V MONFORTE-LUGO-OURENSE	2017	2020	27	40,50	0,00	0,50	5,00	25,00	10,00	0,50		
ELECTRIFICACIÓN A 25.000V VIGO-TUI	2017	2020	36	10,00	0,00	1,50	5,00	3,00	0,50	1,50		
<b>SUBTOTAL ADIF</b>	<b>2014</b>	<b>2020</b>		<b>64,93</b>	<b>5,72</b>	<b>5,00</b>	<b>15,75</b>	<b>28,00</b>	<b>10,50</b>	<b>-0,72</b>	<b>-12,6</b>	
<b>TOTAL 60</b>	<b>2017</b>	<b>2016</b>		<b>5.660,38</b>	<b>759,76</b>	<b>486,79</b>	<b>187,56</b>	<b>173,27</b>	<b>247,70</b>	<b>-272,97</b>	<b>-35,9</b>	
<b>61. REPOSICIÓN. INFRAESTRUTURAS E BENS</b>												
Melloras en estacións en explotación (ADIF-AV)	2013	2025	99	1,06	49,00	0,00	0,00	0,00	0,00	-49,00	-100,0	
PROXIMIDADES ANCHO MÉTRICO	2014	2021	27	0,02	0,00	0,02	0,00	0,00	0,00	0,02		
RENOVACIÓN Y VARIANTES LIÑA MONFORTE-	2005	2021	27	600,00	0,00	13,50	11,00	255,00	215,00	13,50		
Renovación da liña A Coruña - Ferrol	2017	2019	15	4,00	0,00	0,50	1,50	2,00	0,00	0,50		
Paso Inferior en Oza , Ramón Puga, Rúa Tarascón	2017	2019	15	4,00	0,04	1,00	2,50	0,50	0,00	0,96		
PROXIMIDADES ANCHO MÉTRICO	2014	2021	15	11,30	0,00	0,39	1,04	0,59	0,52	0,39		
<b>SUBTOTAL ADIF</b>	<b>2005</b>	<b>2021</b>		<b>619,32</b>	<b>0,04</b>	<b>15,40</b>	<b>16,04</b>	<b>258,09</b>	<b>215,52</b>	<b>15,36</b>		
<b>TOTAL 61</b>	<b>2005</b>	<b>2025</b>		<b>620,38</b>	<b>49,04</b>	<b>15,40</b>	<b>16,04</b>	<b>258,09</b>	<b>215,52</b>	<b>-33,64</b>	<b>-68,6</b>	
<b>62. NOVO. FUNCIONAMENTO SERVICIOS</b>												
Pasos a nivel e outros (ADIF)	2016	2017		0,30	0,65	0,30	0,00	0,00	0,00	-0,35	-54,1	
<b>63. REPOSICIÓN. FUNCIONAMENTO SERVICIOS</b>												
Actuacións diversas (ADIF)	2005	2021	99	155,31	10,80	10,40	15,97	9,28	7,70	-0,41	-3,8	
Actuacións diversas (RENFE-OPERADORA)	2015	2021	99	168,40	21,26	15,28	35,95	22,50	20,41	-5,98	-28,1	
<b>TOTAL 63</b>	<b>2005</b>	<b>2021</b>		<b>323,72</b>	<b>32,06</b>	<b>25,68</b>	<b>51,92</b>	<b>31,77</b>	<b>28,10</b>	<b>-6,38</b>	<b>-19,9</b>	
<b>TOTAL ACT. NOS CAMIÑOS DE FERRO</b>	<b>2003</b>	<b>2025</b>		<b>6.604,78</b>	<b>841,51</b>	<b>528,17</b>	<b>255,52</b>	<b>463,14</b>	<b>491,33</b>	<b>-313,34</b>	<b>-37,2</b>	

dotación total investidora dos OXE na Galiza (53%), que se concentra nas dúas actuacións principais: o Eixo Atlántico A Coruña-Vigo e a conexión coa meseta (L.A.V. Olmedo-Lubián-Ourense), de maneira que non sabemos moi ben que pinta Olmedo, pertencente a Zamora, por canto o tramo galego é estritamente o de Lubián-Ourense (tanto pesará a historia española!). Xa estaría ben que se lle imputara a Galiza o tramo Olmedo-Lubián, tal é a manía imputadora dos españois.

Agora ben, o investimento anunciado se concentra de maneira esencial nesta última actuación, de tal maneira que a dotación correspondente a mesma en 2017 está prevista en 461,34 M€, constituíndose así na actuación estrela, como ben sendo nos últimos anos. Nótese que no exercicio anterior se dotaron 731,42 M€, cuxa execución vai ser moi cativa, posto que os propios OXE de 2017, recentemente apresentados nos informan que o investimento liquidado *previsto* –non aínda efectivo– nesta actuación, no ano 2016, é de 193,889 M€; o que significa un nivel de execución de 26,5 por cento (!!!)<sup>7</sup>, todo un exemplo da falla de seriedade mínima na elaboración orzamentaria española, e da súa simples consideración como un documento *politiqueiro* –e isto si que é un acto de corrupción da máxima gravidade, pola que deberían pagar os seus elaboradores. Desta maneira, esta obra, cuxo custo total é de 2.178 M€, segundo os OXE de 2017, ten como data inicial o ano 2009, *e como data de finalización o ano 2024*. Aquí ten o Sr. Feijoo un elemento máis do divertimento que lle ocasiona a finalización da tan ansiada “conexión coa meseta”, e feita polos seus correligionarios ao mando no Estado, e aos que lles debe, sen suporlle esforzo ningún, toda a súa obediencia, pois Galiza e a súa defensa nada lle interesan, como nos demostra, na realidade, unha vez tras doutra. Pouco ten de estrañar co utilicen como corricán, para reivindicar en Catalunya un sistema de concerto para esta nación, mentres se esquece da nosa propia Nación.

Lembrémoslle que no Protocolo que tan triunfalmente asinou, porque o importante é ser realista, segundo el, se refire mesmo a actuacións fóra de Galiza, como Olmedo-Puebla de Sanabria, estimando que estarían en servizo a fins do ano 2014, polo que será “*ao redor de 2015 (cando) se porá en servizo o resto do traxecto a Madrid (Puebla de Sanabria-Ourense), completando a execución da alta velocidade en Galicia, que incluírá a liña Ourense – Lugo e Ourense – Vigo por Cerdedo*”. Que ten a ver tanto realismo coa REALIDADE é algo que se escapa de toda Razón. E continúa paseándose impunemente, e mesmo, a estas alturas, pasadas as eleccións españolas e galegas, “creando” comisións de seguimento da execución orzamentaria do Estado na Galiza, tan metido anda na función de delegado do goberno central, que perdeu toda razón xurídica e política!. Todo sexa para seguir tomándolle o pelo a todos os que o queiran escoitar. Tal é a súa “efectividade” como xestor; tal é como entende a misión principal asignada aos presidentes de Galiza, de defensa, por riba de todo, dos intereses desta.

En canto ao Eixo Atlántico A Coruña – Vigo, é a outra actuación cunha dotación que totaliza os 18 M€ no exercicio 2017 --8,04 e 9,96 M€, respectivamente nas provincias de A Coruña e Pontevedra--, e que nos mostra unha *data de finalización no ano 2020*, poñendo el solfa aquela “afirmación certa” do Protocolo de que “*en 2012 porase en servizo a totalidade do Eixo Atlántico de Alta Velocidade entre A Coruña e Vigo, incluíndo a electrificación da vía e en ancho internacional*”, deixando de lado que o da “Alta Velocidade” en sentido estrito, resulta un chisco excesiva.

Para maior escarnio sobre estas cuestións, cara ter unha maior perspectiva temporal, e aínda poder parecer moi antigo, contra da moda en curso, segundo a que o Todo é novo ou non é, o que resulta unha afirmación contradictoria *per se*, deixando de lado agora o acordo unánime parlamentar galego alcanzado no ano 1995, quizais o mellor proxecto sobre unha integración real interior ferroviaria da Galiza, a orixe do anterior debe se situar naquel acordo do Consello de Ministros celebrado o 1 de decembro de 2000, que autorizaba o “*Convenio para a mellora da rede ferroviaria interior de Galiza*”, con un monto total de 961,62 M€ (160.000 millóns de pesetas daqueles tempos), e ao que a “rica” Galiza colaboraba graciosamente, axudando ao “pobre” Estado, responsábel destas actuacións, con 180,3 M€ (30.000 Millóns de pesetas), e que prevía o seguinte

---

<sup>7</sup> Anteriormente vimos que no ano 2015, de acordo coa información da IGAE sobre a liquidación dese ano, a empresa pública ADIF-AV, fronte a un crédito inicial de 702,49 M€, o crédito liquidado definitivo foi de 277,912 M€, o que implica un paupérrimo nivel de execución do 39,6%.

desenvolvemento temporal, unha peza exemplar de como escriben a historia os perdedores renegados do seu propio país:

Organismo	PREVISIÓNS DO CONVENIO FOMENTO – XUNTA – RENFE (M€)								
	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	TOTAL
<i>Fomento</i>	13.59	85.52	92.55	96.46	96.34	77.50	69.12	59.71	<b>591.79</b>
<i>RENFE</i>	15.70	23.49	31.61	43.55	30.71	19.53	15.15	9.78	<b>189.52</b>
<i>XUNTA</i>	18.59	29.14	25.11	12.38	10.22	24.04	33.78	27.04	<b>180.30</b>
<b>TOTAL</b>	<b>47.88</b>	<b>138.15</b>	<b>150.27</b>	<b>152.40</b>	<b>137.27</b>	<b>121.07</b>	<b>118.04</b>	<b>96.53</b>	<b>961.62</b>

Recordemos que con este volume de recursos financeiros pretendíase acometeren obras na rede convencional galega por valor de 245,41 M€, destinándose os recursos restantes a melloras inmediatas na alta velocidade *concentradas no Eixo Atlántico*, no estudo informativo A Coruña – Ferrol [sempre cos problemas de situaren Ferrol dentro do referido eixo, que, como se ve, non son de agora, e xa tiñan como precedente a AP-9], no acondicionamento a alta velocidade dos tramos Santiago – A Coruña, Santiago – Vilagarcía, Vilagarcía – Pontevedra, e Pontevedra – Vigo, incluíndo o acceso a Vigo. Á parte disto, anunciábase xa que para a rede de alta velocidade na Galiza estaba previsto construíren 704 quilómetros, que suporían un investimento de 3.011,1 M€, que sumados aos que é preciso engadir para o corredor Madrid - Valladolid – Puebla de Sanabria, totalizarían un investimento no corredor “*desde a capital*” de 6.611,1 M€. Por certo que neste Convenio –que non Protocolo-- que referimos, xa se establecía unha Comisión de Seguimento para “*velar polo cumprimento das obrigas asumidas*”, formada por representantes do Ministerio de Fomento, da Xunta de Galiza, da empresa pública RENFE e da delegación do Goberno na comunidade autónoma. É claro á vista do acontecido que velar por semellante cumprimento das obrigas –Convenio mediante--, ten un custo cero desde case todos os puntos de vista, agás para a situación e desenvolvemento normalizado do país, ao que logo por riba alcuman de atrasado. E máis claro aínda que a Comisión de Seguimento” exclusivamente “galega” anunciada por Feijoo a respecto dos investimentos estatais, resulta nunha completa estupidez. Por non lle recordar o que o Constitucional “sacralizou” a respecto dos investimentos con ocasión da súa sentenza sobre o *Estatut*.

Finalmente non debería se esquecer que xa o grupo parlamentar do BNG presentara en decembro de 1997 unha Proposición non de Lei para a creación dun *servizo de proximidades* na Galiza<sup>8</sup>, xa que tendo en conta os criterios de volume de poboación, nivel de concentración urbana e metropolitana, os índices de mobilidade e as alternativas de servizos de transporte existentes nas diferentes áreas, non “*se explicaba que Galiza fora a única comunidade do Estado que non estivera dotada de servizos de proximidade*”. Así, aparte doutras cuestións, propúñase negociar e solicitar negociar con RENFE a implantación paulatina dun servizo de proximidades, comezando polos traxectos Vigo – Pontevedra e A Coruña – Ferrol, “*por reuniren os criterios que se teñen considerado para outras comunidades á hora de establecelo*”. Non haberá de sinalar a importancia desta cuestión que leva varios anos vexetando nos OXE, incluído o exercicio presente. É dicir, a debida integración interna do ferrocarril no noso país, nunhas condicións verdadeiramente competitivas cos outros modos de transporte nos eidos da mobilidade de pasaxeiros e mercadorías, de facto, unha tarefa que a estas alturas está sen encetar, mais pola contra, asistimos ao deterioro continuo de moitos tramos internos, coas consecuencias derivadas.

<sup>8</sup> Non aprobada pola oposición do PP.



## OS FONDOS DE COMPENSACIÓN E COMPLEMENTAR NOS OXE DE 2017

O Fondo de Compensación constitúe a *Transferencia de Capital* estritamente equivalente, desde unha perspectiva legal, ao anterior Fondo de Compensación Interterritorial, logo das modificacións experimentadas no mesmo após da negociación no ano 2001 que deu lugar ao sistema de financiamento para o período 2002-2008, e que malia a súa substitución por un novo sistema de financiamento recentemente aprobado a través do acordo 6/2009 de 15 de xullo de 2009 no Consello de Política Fiscal e Financeira, e malia ao consenso xeral sobre a súa catividade e ineficacia para cumprir o papel específico que ten definido constitucionalmente, non sufriu modificación ningunha, pois outras cuestións ben diferentes eran ás que se trataba de daren solución ás costas dos intereses galegos, entre outros. Lembremos que este fondo representa o único e exclusivo instrumento legal no ámbito estatal, contemplado no artigo 158.2 da sacra CE, tendo como obxectivos **concretar a solidariedade e o equilibrio territorial**, que está tan desequilibrado e supón un fracaso tan patente, que parecera imposible a súa aproximación, transcorrido xa tanto tempo da súa existencia. A súa dotación establécese na lei orzamentaria de cada ano (Sección 33). A súa contía decrecente ao longo de tempo, e tanto máis se a medimos relativamente á evolución doutros indicadores como o PIB, acadou xa un valor tan paupérrimo co novo sistema de financiamento creoulle novos competidores, cos eufemisticamente chamados Fondos de “Converxencia” (Transferencias Correntes), para desta maneira beneficiaren de maneira descarada ás comunidades con superior PIB por habitante e dinamismo, de maior desenvolvemento, o que fan fume de palla os inalcanzábeis “obxectivos” do referido artigo constitucional.

De acordo coa lei 22/2001, reguladora dos Fondos de Compensación Interterritorial<sup>9</sup>, o Fondo de Compensación **non poderá ser inferior** ao 22,5% da base de cálculo constituída polo investimento público. Alguén podería entender que o investimento público a considerar sería o investimento total do Sector Público Central, que vimos antes, **de 12.867,5 M€**. Nada diso, a propia lei define a base de cálculo como unicamente o **investimento NOVO de carácter CIVIL do ESTADO e dos seus ORGANISMOS AUTÓNOMOS (1.051.12 M€)**, que é unha cuestión moi diferente a anterior, e que aínda debe ponderarse por dous factores: a proporción que supón a poboación das CCAA que perciben o Fondo de Compensación sobre a estatal e polo índice resultante do cociente entre o Valor Engadido Bruto a custo dos factores medio estatal e o VEBcf medio das CCAA que perciben o mencionado fondo. Os OXE deben fixar as CCAA afectadas así como a porcentaxe que representan os fondos (de Compensación e Complementario) sobre a base de cálculo. Desta maneira, podemos ler no proxecto de Lei dos OXE 2017 (artigo 105) como *“a porcentaxe que representa o Fondo de Compensación sobre a base de cálculo constituída polo investimento público é do 29,91 por cento (...). Ademais (...) a porcentaxe que representan os Fondos de Compensación Interterritorial destinados ás CCAA é do 39,88 por cento elevándose ao 40,50 por cento de se incluíren as Cidades con Estatuto de Autonomía de Ceuta e Melilla e alcanzando o 40,90 por cento tendo en conta a variábel “rexión ultra-periférica” definida na Lei 23/2009 de modificación da Lei 22/2001.”*

Esta é a maneira ilusionista que se ten de como tratar tan importante concepto como a igualdade territorial en virtude dunha suposta “solidariedade” vendida *urbe et orbe*, sobre todo na Galiza, por todo o españolismo. Así, non ten nada de estraño que unha análise histórica, desde o ano da súa fundación, da evolución do FCI, reflecta un comportamento moi negativo en relación coa evolución experimentada polo PIB estatal. Da mesma maneira que no novo sistema de financiamento créanse, como dixemos, dous chamados “Fondos de Converxencia”: o primeiro, denominado Fondo “de Cooperación”, orientado cara as CCAA “pobres”; e o segundo, denominado Fondo “de Competitividade”, orientado cara as CCAA “ricas”, mais que resulta ter un valor **moi superior ao** anterior. Así é como se pretende a “converxencia”, e así asistimos máis unha vez, a través do nominalismo

---

<sup>9</sup> A Lei 23/2009, dun artigo único, modifica a Lei 22/2001 mais isto é insubstancial para o que aquí tratamos.

españolista, a unha nova tomadura de pelo celestial. No cadro a continuación pode verse o efecto deste conxunto de transferencias e o seu efecto, como simples exemplo, sobre algunhas CCAA en relación Galiza.

TRANSFERENCIA (M€)	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015(p)
FCIs GZ -- DR Mº Facenda (6)	203,30	197,15	169,13	96,32	73,59	51,83	43,08	40,72
FONDO DE COOPERACIÓN SdF	0,00	242,79	380,01	337,40	248,58	262,34	202,74	262,34
<b>TOTAL GALIZA</b>	<b>203,30</b>	<b>439,94</b>	<b>549,14</b>	<b>433,72</b>	<b>322,17</b>	<b>314,17</b>	<b>245,82</b>	<b>236,92</b>
FONDO COMPETITIVIDADE CATAL	0,00	936,74	862,57	835,78	612,56	684,36	785,14	862,49
FONDO COMPETITIVIDADE MADRID	0,00	762,33	367,41	406,61	96,40	239,55	236,23	197,18
<b>PAÍS VALENCIÁ</b>								
FCIs -- DR Mº Facenda	116,884	134,044	130,071	87,418	82,584	72,834	53,867	55,225
FONDO DE COOPERACIÓN SdF	0,00	0,00	0,00	0,00	196,19	221,26	374,58	1.150,15
FONDO COMPETITIVIDADE SdF	0,00	634,03	1.114,62	1.062,57	800,03	859,40	723,73	
<b>TOTAL PAÍS VALENCIÁ</b>	<b>116,88</b>	<b>768,07</b>	<b>1.244,69</b>	<b>1.149,99</b>	<b>1.078,80</b>	<b>1.153,49</b>	<b>1.152,17</b>	<b>1.205,38</b>
DIFERENZA GALIZA - CATALUNYA	203,30	-496,80	-313,43	-402,06	-290,39	-370,19	-539,32	-625,57
DIFERENZA GALIZA - MADRID	203,30	-322,39	181,72	27,11	225,77	74,62	9,60	39,74
DIFERENZA GALIZA - PAÍS VALENCIÁ	86,42	-328,13	-695,55	-716,27	-756,63	-839,32	-906,35	-968,46

(6) Único Fondo "solidario" existente na CE española (Aº 158.2) co obxectivo da igualdade TERRITORIAL, que á vista dos resultados prácticos logrados desde a integración á forza de Galiza no Estado español resulta inalcanzável. O vixente Sistema de Financiamento, vén, de facto, a vulnerar radicalmente esa Constitución, cando crea os Fondos de Cooperación (co mesmo obxectivo teórico co FCI) e o de Competitividade, como se pode comprobar coas diferenzas de Galiza con Catalunya, Madrid e País Valenciá, que van xusto na dirección contraria a tan "sacro documento". Nótese ademais, como as variábeis e as ponderacións do sistema, nunca explicadas nin obxectivadas, senón elixidas arbitrariamente, ad hoc, a priori, e que, portanto PREDETERMINAN os seus resultados, levan a un exemplo tan paradigmático da súa "cientificidade" cando nada menos fai co País Valenciá, receptor do FCI, como Galiza, chupe, asemade do Fondo de Cooperación e do Fondo de Competitividade, todo á vez. Que virtudes máxicas posuirá para que isto aconteza. Que marabillas "inventa" este artefacto ideolóxico central para asentaren o españolismo: o boisimo que nos resulta a existencia deste Estado-Leviatán español.

PIB POR HABITANTE (INE)	2008	2010	2012	2015(A)	2008	2010	2012	2015(A)
GALIZA	87,4	88,6	87,9	88,4	<b>DIFERENZAS DE GALIZA CON:</b>			
CATALUNYA	116,7	117,1	117,1	119,1	-29,3	-28,5	-29,2	-30,7
MADRID	132,5	133,6	136,9	136,8	-45,1	-45,0	-49,0	-48,4
PAÍS VALENCIÁ	90,1	88,4	86,8	88,7	-2,7	0,2	1,1	-0,3
(*) BASE 2010 SPAIN = 100	100,0	100,0	100,0	100,0	-12,6	-11,4	-12,1	-11,6

É obvio expresar a evolución perversa de Galiza, tendo en conta o peor comportamento dinámico da súa poboación, que fai co medre do PIBpc, cando existe, derive máis disto último que por un incremento superior do PIB e da Poboación, respecto do conxunto de Estado, mais en maior grao por parte do primeiro, o que sería un indicador de crecemento do PIBpc NORMAL e non PERVERSO, como acontece por mor do papel subordinado e dependente que padece Galiza en beneficio e para maior gloria da capital mesetaria parasitaria deste Estado.

